2021-2022

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

# IES A SARDIÑEIRA

Curso académico 2021-2022

## ÍNDICE XERAL


| | |
|---|---|
| Introdución e contextualización | 3 |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | 5 |
| Obxectivos para o curso | 7 |
| Secuenciación de contidos | 16 |
| Temporalización | 179 |
| Grao mínimo de consecución para superar a materia | 188 |
| Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación | 190 |
| Concrecións metodolóxicas que require a materia | 191 |
| Materiais e recursos que se van utilizar | 193 |
| Criterios de cualificación e promoción do alumnado | 196 |
| Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente | 199 |
| Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 200 |
| Procedemento para acreditar os coñecementos previos no bacharelato | 203 |
| Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas | 204 |
| Programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento. 2º PMAR | 204 |
| Medidas de atención á diversidade | 223 |
| Adaptación curricular | 225 |
| Concreación de elementos transversais que se traballarán | 226 |
| Contribución ao Plan TIC e Plan Lector | 227 |
| Actividades complementarias e extraescolares | 230 |
| Exención da materia de Lingua Galega | 231 |
| Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación | 236 |
| Covid-19: Reforzo e Programación semipresencial e non presencial | 236 |
| Lexislación básica | 258 |
| Profesorado do departamento | 259 |

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Coñecer e dominar a lingua propia de Galicia é unha vocación do conxunto do sistema educativo. O alumnado usará a súa competencia para comunicarse e para integrarse. A través da nosa lingua o alumnado poderá acceder a un patrimonio literario valioso e a múltiples formas de comunicación oral, escrita, electrónica e audiovisual. Como dicía Castelao "somos galegos pola lingua que creamos, usamos e transmitimos".

O galego é unha lingua útil para vivir en Galicia e máis útil pola súa relación coa comunidade lusófona. Este departamento quere que o alumnado viva a lingua como cousa propia, diaria e mesmo afectivamente. Nun contexto como o coruñés hai que desterrar non poucos atrancos e prexuízos para favorecer o uso do idioma entre o noso alumnado. O Consello de Europa recomenda reforzar a diversidade cultural e lingüística ao tempo que advirte das vantaxes do plurilingüismo e da interculturalidade.

Somos conscientes da importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar. No noso caso non falamos dunha linguaxe en abstracto senón do idioma propio do noso pobo.

Non queremos só que o alumnado saiba gramática galega senón que perciba que o léxico e a estrutura do seu idioma teñen correlatos noutros. Tamén hai que estar atento á diversidade que presenta o noso idioma. Non se pode ocultar a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é mester favorecer o uso e a aprendizaxe de xeito que se impulse a normalización da lingua e que se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego e o que estuda en Galicia debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade. E neste sentido, no galego aínda lles custa máis traballo expresarse porque ás veces fóra do instituto non é lingua habitual na súa vida ordinaria.

No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos

presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. O galego precisa dun traballo específico, unha discriminación positiva poderiamos dicir, para corrixir os prexuízos que motivan ás veces o desuso. Como profesores de lingua aspiramos a unha coordinación cos colegas que ensinan outras linguas, tamén as clásicas e estranxeiras, para unificar a terminoloxía, traballar en conexión pedagóxica e cooperar na competencia lingüística do alumnado.

A reflexión literaria favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa do alumnado, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

Sabemos que formamos cidadás e cidadáns que deben vivir nunha sociedade cada vez máis esixente na que a competencia lingüística é moi importante.

No contexto do ensino da Lingua e Literatura Galega, ningunha actividade educativa terá sentido se non vai encamiñada a que as funcións básicas da linguaxe comunicación e representación sexan desenvolvidas en galego polo alumnado. Significa isto que o ensino da materia didáctica que nos ocupa deberá ser considerada sempre desde a perspectiva da lingua e cultura propias do pobo galego, sen que en ningún momento poda interpretarse como lingua segunda explicada desde o ámbito do español, e polo tanto na paradoxal consideración didáctica dunha lingua foránea e/ou estranxeira. Este aspecto, fundamental e acorde cos currículos da ESO e do Bacharelato e coa Lei de Normalización Lingüística, deberá presidir desde aquí e agora, e en todo momento, as restantes consideracións teóricas e o desenvolvemento práctico da actividade educativa.

O IES A Sardiñeira é un centro público que se atopa na periferia da cidade da Coruña, entre o tradicional barrio dos Mallos, o novo barrio de Vioño, a estación de tren e preto do polígono de Agrela.

No conxunto do alumnado apréciase unha clara diferenza entre o alumnado de ciclos,

galego-falante espontáneo nunha alta porcentaxe e o da ESO, castelán-falante cando menos no ámbito escolar. Para a docencia da nosa materia evidénciase un coñecemento cada vez menor do léxico patrimonial mentres que estes alumnos e alumnas poden adquirir sen maiores problemas destrezas gramaticais. Unha porcentaxe non desprezable do seu alumnado, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, é de orixe estranxeira: asiática, africana e latinoamericana. Con isto, atopamos en cada curso alumnado que, ben comezou a súa escolarización xa iniciada a primaria, ben comezou os estudos secundarios con dous anos de exención en Lingua Galega.

Por terceiro curso consecutivo, e sería desexable que esta situación fose definitiva, o alumnado de FP básica non se vai ter que desprazar desde o centro no que está matriculado, SOMESO. Varios profesores e profesoras das materias comúns de ámbito impartiranlles clase no devandito centro, aínda que formen parte do claustro da Sardiñeira. Esta circunstancia aféctalle ao departamento de Lingua galega e Literatura posto que un profesor deste Departamento ten horario completo para impartir docencia en FP Básica.

Para o reparto de materias entre os membros do departamento decidiuse que, na medida do posible, cada membro do profesorado se ocupase dun nivel; pois con isto facilítase a unificación na valoración dos estándares, un seguimento da programación máis concreto e, posiblemente, unha mellor atención ao alumnado.

A implantación da LOMCE obriga a un maior esforzo de información ao alumnado e as familias sobre cambios significativos como criterios e instrumentos de avaliación e especialmente dos estándares de aprendizaxe e a súa relación coas competencias clave. Non é posible cambiar os libros de texto neste curso aínda que como xa se fixo constar na memoria anterior, os libros de 3º e 4º de ESO non se axustan ao currículo da materia.

No caso de 2º de Bacharelato, o exame de Lingua Galega e Literatura da ABAU 20-21 foi semellante ao dos cursos anteriores, o que fai supor que este curso non muden os criterios desta proba.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Entendemos por competencias as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de

actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As ***competencias clave*** son as seguintes:

**Comunicación lingüística** (CCL)

- Adquisición de destrezas que permitan o **uso pleno da lingua** nun amplo abano de contextos.
- Dunha maneira concreta, no aquí e agora, conseguir que o alumno da **Sardiñeira**, sexa quen de superar o ofuscamento que supón a continua **interferencia lingüística** e poida distinguir o específico do idioma galego a respecto do castelán.
- Como fin último, o alumno saberá **emitir e recibir** sen erros notábeis na nosa lingua, tanto por oral como por escrito.

**Competencias sociais e cívicas** (CSC)

- Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.
- Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

**Competencia dixital** (CD)

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as **habilidades** de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

**Conciencia e expresións culturais** (CCEC)

- Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.
- Coñecemento e valoración da **diversidade lingüística** e a expresividade popular da fala

como unha riqueza cultural.

- O alumnado debe coñecer e valorizar a literatura galega contemporánea e os seus fitos históricos máis relevantes, engarzando a estética co proceso sociocultural do noso pobo.

**Aprender a aprender** (CAA)

- Perfeccionamento da **lectura comprensiva**.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da **lectura e a escrita** como fontes de enriquecemento propio.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE)

- Intervención en **situacións de comunicación** reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha **actitude crítica** ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da **linguaxe como ferramenta** para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCCT)

- Uso correcto das ferramentas tecnolóxicas aplicadas á lingua e a literatura.
- Aprender a usar as bibliotecas virtuais..
- Saber usar os dicionarios en liña.
- Entender e cultivar as posibilidades tecnolóxicas que ten o galego na actual cultura dixital e electrónica.

## OBXECTIVOS DO CURSO

Entendemos por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. No noso traballo cómpre distinguir os propios da ESO e do Bacharelato.

A **educación secundaria obrigatoria** ten carácter obrigatorio e gratuíto, e constitúe, xunto coa educación primaria, a educación básica. Na ESO prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado. A ESO organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. A ESO ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nos aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a vida laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Son **obxectivos da ESO** desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en

materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Todos os obxectivos anteditos poderán traballarse desde o noso Departamento, en maior ou menor grao. Algúns, como o "m", máis indirectamente.

O **bacharelato** pola súa parte ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa e laboral con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Son **obxectivos do bacharelato** desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario

no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**Obxectivos para Primeiro da ESO**

- Que o alumno se mova con fluidez na comunicación oral, comprendendo textos básicos e iniciándose na escoita activa e na correcta expresión coa fonética propia da lingua.

- Que o alumno perciba o tema esencial dun texto escrito, diferenciándoo dos secundarios.

- Que se saiba expresar cun uso axeitado da puntuación, co emprego dos nexos requiridos e co dominio básico das estruturas gramaticais.

- Adquisición do léxico e fraseoloxía mínima para unha expresión galega normal nos diferentes contextos.

- Que o alumnado sexa consciente da diversidade lingüística e saiba valorizar as actitudes dos

cidadáns con respecto á lingua.

- Que saiba diferenciar a linguaxe literaria da non literaria, atendendo aos elementos estéticos e intencionais máis característicos daquela.

**Obxectivos para Segundo da ESO**

- Que as alumnas e os alumnos adopten unha actitude crítica e reflexiva perante a información achegada polos diversos medios de comunicación.

- Que saiban analizar o contido de textos escritos, especialmente narrativos, coa detección dos seus temas e subtemas.

- Que saiban emitir en voz alta, facendo as necesarias inflexións nos grupos fónicos, na entoación e nos trazos fonéticos máis salientábeis do galego.

- Que sexan competentes no uso adecuado dos nexos, conectores e/ou marcadores textuais

- Dominio da morfoloxía nominal e verbal, nomeadamente do substantivo e do verbo como eixos da estrutura lingüística.

- Coñecemento e uso dun vocabulario e fraseoloxía suficientes para a normal expresión nos diferentes campos léxicos.

- Coñecemento reflexivo da realidade sociolingüística na actualidade.

- Coñecemento das variedades xeográficas do galego como parte integrante do conxunto lingüístico que compoñen.

- Que os alumnos saiban ler obras literarias de non longa extensión, apreciando nelas o seu valor estético, o contexto extraliterario e a intención comunicativa.

**Obxectivos para Terceiro da ESO**

- Que o alumnado saiba detectar as mensaxes centrais dos medios de comunicación, as secundarias e as subliminares, iniciándose na actitude crítica a respecto da comunicación audiovisual.

- Que saiban emitir mensaxes nun galego correcto, levando en conta os ingredientes máis característicos do idioma: fonéticos, morfosintácticos e léxicos.

- Comprensión e análise das mensaxes escritas, sabendo identificar o esencial e o secundario, así

como a estrutura xeral do texto.

- Saber transmitir en alta voz mensaxes con claridade e precisión, empregando a tal fin as técnicas máis adecuadas: entoación, fonética sintáctica…

- Entender as normas ortográficas e morfolóxicas como un medio para a expresión unificada da lingua estándar.

- Que o alumnado aprenda os mecanismos de formación de palabras, así como a estrutura destas. A partir de aí, que comprenda as funcións e unidades sintácticas.

- Que coñezan suficientemente o léxico e a fraseoloxía dos diferentes campos semánticos para unha correcta expresión oral e escrita.

- Que saiban situar o galego na súa orixe, na súa historia e no lugar que ocupa con respecto a outras linguas e/ou sistemas lingüísticos.

- Coñecer de maneira crítica a problemática social da lingua hoxe

- Coñecer a historia da literatura galega desde a Idade Media até o século XIX inclusive, iniciándose minimamente no comentario de cantigas medievais e nos textos máis representativos de Rosalía, Curros e Pondal.

- Que comprendan a literatura do século XIX como parte dun proceso de toma de conciencia da realidade do pobo galego.

**Obxectivos para Cuarto da ESO**

- Continuidade e intensificación dos obxectivos do curso anterior a respecto da compresión e emisión oral.

- Desenvolvemento das análises e deteccións temáticas no plano da escrita que se traballaran no anterior curso, así como das destrezas na correcta emisión, demostrando un coñecemento das normas e das técnicas de expresión escrita.

- Coñecemento teórico e práctico das estruturas da lingua (nexos, conectores...), orientando tamén esta reflexión lingüística ao plano literario (metáforas, metonimias, paráfrases...).

- Coñecemento e uso práctico da morfoloxía, e análise das estruturas sintácticas.

- Dominio do idioma no que atinxe a unha correcta fonética, ao vocabulario e fraseoloxía nos diversos campos de significación.

- Coñecemento sociolingüístico do idioma na sociedade actual, na Galiza, na Península Ibérica e no mundo, analizando a traxectoria do idioma e da súa situación ao longo do século XX e até a actualidade.

- Lectura individual de obras da literatura galega do século XX e mesmo do XXI, sabendo comentar os seus aspectos internos e a conexión coa realidade exterior.

- Saberen as alumnas e os alumnos expor un tema literario diante da clase, demostrando coñecemento temático e dominio dos procedementos da expresión oral.

**Obxectivos para Bacharelato**

Segundo o Decreto 126/2008, do 19 de xuño, os obxectivos que debe acadar o alumnado ao finalizar esta etapa son:

- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersoal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

- Utilizar a lingua galega para a comprensión e elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

- Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

- Analizar a realidade sociolingüística de Galicia interpretando criticamente os factores que interveñen nela.

- Analizar as linguaxes específicas dos medios de comunicación e utilizar as seccións e os programas en galego para mellorar as propias producións.

- Aplicar os principios fundamentais da gramática galega, recoñecendo as distintas unidades da lingua e as súas posibles combinacións, no plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico léxico- semántico e textual.

- Coñecer as características das principais etapas da literatura galega, así como dos autores e das obras máis significativas, utilizando de forma crítica as fontes documentais para o seu

estudo.

- Ler e comentar as obras máis representativas das diferentes épocas da literatura galega, como fonte de pracer persoal e como manifestación artística do ser humano nun ámbito cultural concreto.

**OBXECTIVOS 2º BACHARELATO**

- Utilizar axeitadamente os diversos procedementos de construción de textos para a comunicación interpersoal e para a vida académica.
- Realizar exposicións orais planificadas, previa recollida de datos e información.
- Preparar traballos por escrito utilizando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da comunicación para o intercambio de información.
- Analizar e comprender textos orais e escritos de todo tipo: linguaxe xurídico-administrativa, medios de comunicación e ámbitos de coñecemento especializado.
- Interpretar as ideas implícitas e explícitas de todo tipo de textos, identificando o rexistro utilizado, a organización interna do discurso e a súa intención comunicativa.
- Coñecer a historia externa da lingua e os contextos sociolingüísticos (o século XX e o XXI).
- Analizar o proceso de normalización lingüística e reflexionar sobre as implicacións do mesmo, no ámbito persoal e social.
- Comprender e respectar a situación plurilingüe do Estado.
- Apreciar a diversidade lingüística como unha riqueza cultural.
- Coñecer os distintos programas, seccións e características da lingua nos medios de comunicación de masas.
- Recoñecer as características fonéticas e fonolóxicas da lingua e aplicalas correctamente na produción oral e escrita de textos.
- Aumentar a competencia lexical (léxico e fraseoloxía).
- Posuír hábitos de corrección e adecuación na presentación de todo tipo de textos segundo

as convencións ortográficas e lingüísticas establecidas.

- Recoñecer as principais obras e autores da literatura galega dos séculos XX- XXI e as súas características.
- Adquirir o hábito da lectura e apreciala como fonte de pracer estético e de coñecemento dunha época histórica (Séc. XX e XXI).

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos son un conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

A nosa materia preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en **cinco bloques** interconectados:

1. **"Comunicación oral. Escoitar e falar"** atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística do noso centro convídanos a traballar moi especialmente este bloque.

2. **"Comunicación escrita. Ler e escribir"** ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando,

planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

3. **"Funcionamento da lingua"** integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

4. **"Lingua e sociedade"** céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos. E sobre todo que coñeza a situación do noso idioma e os seus usos.

5. **"Educación literaria"** asume o obxectivo de facer dos alumnos e das alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

**PRIMEIRO CURSO DA ESO**

- Este primeiro curso da ESO debe incidir na clara localización do alumnado na **lingua propia** de Galiza, no suposto de pertenceren a ámbitos sociais onde os usos lingüísticos do galego presentan unha clara situación de perigo, dadas as circunstancias, aquí e agora, dunha poboación de barrio en zona urbana onde o castelán emerxe como lingua formal de maneira crecente.

É así que se intentará partir da **oralidade**, unha vez comprobado −como de feito se leva constatando nos últimos anos− que aumenta o número de alumnado descoñecedor en grande medida da lingua galega e que, en calquera caso, non posúen a competencia mínima nela. Con respecto a hai dez ou quince anos, é crecente o número de alumnos que descoñecen palabras e frases habituais na nosa lingua, o que cómpre valorizar como resultado do proceso de substitución lingüística que se está a operar na sociedade galega.

- Isto é polo que se fai necesario comezar polo **diálogo directo** entre alumnado e profesorado a fin de procurar a inmersión na lingua propia que conduza á superación do problema. Neste sentido, atenderase á comprensión de textos orais a partir dos medios de comunicación, do ámbito académico e de todo tipo de ámbitos, desenvolvendo actividades de escoita activa.

- Esta actividade sobre a lingua oral debe facer fincapé nun dos aspectos máis ameazados, que é o da **expresión fónica**: pronuncia do "n" velar e trazos consonánticos relevantes, pronuncia e recoñecemento dos diferentes timbres nas vogais de abertura media, etc.

- A lectura en voz alta será un contido en si mesmo −non só un procedemento−, e irá parello á dramatización, procurando a un tempo a pronuncia correcta dos sons vocálicos e consonánticos, a entoación −coa conseguinte execución dos grupos fónicos− e a expresión parateatral.

- No **plano da escrita**, incidirase na comprensión do texto, por un lado, e na exposición adecuada das ideas, procurando a cohesión e a precisión mediante o uso axeitado das palabras e dos signos de puntuación.

- A detección do tema e dos subtemas de narracións é fundamental para unha comprensión do seu significado, así como a análise das principais ideas, a esquematización do contido e as sínteses ou resumos.

- As exposicións escritas versarán sobre diferentes temas, entre os que deben contar os propios da actualidade cotiá e o mundo circundante. Os alumnos aprenderán a linguaxe dos medios de comunicación, a linguaxe literaria e a linguaxe funcional nos seus diversos rexistros.

- No plano gramatical e funcional, deberase incidir no coñecemento (activo e pasivo) das **formas esenciais da lingua** galega, que inclúen o **léxico** e o uso correcto das palabras, así como a coherencia sintáctica. Nesta liña, cómpre insistir na flexión nominal, nomeadamente no xénero e número do substantivo, abordando as **interferencias do español** na morfosintaxe galega, na procura dun uso do galego o máis correcto posíbel.

- Igualmente deberá o alumno coñecer as **formas verbais** (os paradigmas), evitando reproducir os modelos verbais do español. Máis ben, ao contrario, comprender a diferenza entre os dous idiomas na preferencia en galego polas formas simples (pretérito do indicativo, antepretérito...), nos trazos xenuínos (infinitivo flexionado...) e nos matices perifrásticos.

- No eido sociolingüístico, o alumnado deberá contextualizar o galego no **tronco lingüístico que lle é propio**, comprendendo a situación minorizada da lingua galega no "aquí e agora", mais sendo quen de ver as posibilidades de lingua internacional que o galego ten ligado ás outras modalidades do mesmo sistema lingüístico, especialmente portugués e brasileiro.

- Nesta mesma dimensión, o alumnado ha reflexionar sobre a interferencia continua que existe entre galego e castelán, e as maneiras de deter **o proceso de substitución lingüística** que se vén levando a cabo desde hai moito tempo, mais que se acelera e axiganta nas últimas décadas.

- Tamén nesta liña sociolingüística, o alumnado coñecerá minimamente as **variantes dialectais** que existen na xeografía galega, mais sempre ficando clara a necesidade dun galego común estandarizado que non anule a riqueza da lingua no seu conxunto dialectal.

- Canto á literatura, neste nivel de 1º da ESO, parece de especial importancia a aprendizaxe de **pequenos textos poéticos**, algúns de tipo popular e tamén outros onde predomine o aspecto autorial, mais sempre na sinxeleza que esixe a idade e formación dos alumnos. Estas **actividades de retención mental** deben, sen dúbida, valorizarse, pois supoñen entroncar cunha tradición que se está a perder, e ao mesmo tempo axudan a exercitar a memoria, tras o inxustificado desprestixio que arredor desta facultade se xerou, por causa dunha errada concepción de novas técnicas de aprendizaxe.

- A partir de textos narrativos breves, poemas, pezas teatrais, etc., o alumno distinguirá **o literario e o non literario**, e intentará se achegar á estética literaria.

**LINGUA GALEGA 1º ESO**

Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h l ñ |
| Contidos | Comprensión, interpretación e resumo de textos orais. |
| Criterios de avaliación | Comprender e resumir textos orais. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende e resume textos orais. |
| Competencias | CCL/CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivo | d e h |
| Contidos | Comprender textos orais. |
| Criterios de avaliación | Extraer a idea xeral dos textos orais. |
| Estándares de aprendizaxe | Recoñece datos dos textos orais, segue instrucións para facer tarefas. |
| Competencias | CCL/CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a c d h |
| Contidos | Habilidades de escoita. |
| Criterios de avaliación | Coñece as normas de cortesía. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa as normas de cortesía. Recoñece os aspectos prosódicos e a linguaxe non verbal. |
| Competencias | CCL, CSC, CAA, CSIEE |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a c d e h |
| Contidos | Escoita crítica dos programas informativos. |
| Criterios de avaliación | Analizar contidos e identificar prexuízos. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica a intención e as ideas dos informativos. Compara medios. Rexeita prexuízos e discriminacións. |
| Competencias | CCL, CAA, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h o |
| Contidos | Producir textos orais coa axuda das TIC. |
| Criterios de avaliación | Exposicións orais coa axuda das TIC. |
| Estándares de aprendizaxe | Consulta medios usando TIC. Usa TIC. |
| Competencias | CD, CAA, CSIEE, CD, CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h o |
| Contidos | Valorar prosodia e fonética. |
| Criterios de avaliación | Valorar prosodia e fonética correctas. |
| Estándares de aprendizaxe | Aprecia a pronuncia correcta, rexeita prexuízos e valora e usa a variante dialectal. |
| Competencias | CCEC, CAA, CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e g h |
| Contidos | Produción de discursos orais. |
| Criterios de avaliación | Producir con corrección textos orais. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Intervén oralmente con corrección, participa oralmente, usa a fraseoloxía e un léxico axeitado. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a c d h |
| Contidos | Falar en público. |
| Criterios de avaliación | Pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións. |
| Estándares de aprendizaxe | Intervén en debates, non divaga. |
| Competencias | CAA, CCL, CSC, CSIEE |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a b c g h o |
| Contidos | Falar en público. |
| Criterios de avaliación | Saber falar en público. |
| Estándares de aprendizaxe | Elabora guións, controla emocións, respecta a prosodia e a linguaxe non verbal. Usa léxico rico, distingue o formal e o espontáneo. |
| Competencias | CAA, CCL, CSC, CSIEE |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a d h l ñ |
| Contidos | Construción de discursos adecuados. |
| Criterios de avaliación | Producir discursos breves e comprensibles. |
| Estándares de aprendizaxe | Participa en conversas, dá a súa opinión, sabe pedir un servizo ou información. |
| Competencias | CCL, CSC, CSIEE |

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b f h |
| Contidos | Lectura comprensiva. |
| Criterios de avaliación | Analizar o contido e ler comprensivamente. |
| Estándares de aprendizaxe | Fai subliñados, esquemas e resumos. Recoñece a intención autorial, o sentido global, procura o léxico descoñecido e le o contexto. |
| Competencias | CCL, CCA, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Comprender mensaxes da vida cotiá. |
| Criterios de avaliación | Comprender mensaxes da vida cotiá. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende mensaxes da vida cotiá. Normas de uso, correos e mensaxes electrónicas. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Comprender textos dos medios. |
| Criterios de avaliación | Comprender textos dos medios. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende textos dos medios. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |

| | |
|---|---|
| Contidos | Comprender textos educativos. |
| Criterios de avaliación | Comprender textos educativos. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende textos educativos: webs, dicionarios, enciclopedias. Fai tarefas de aprendizaxe guiada. |
| Competencias | CCL, CSC, CAA, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Usar a biblioteca e as TIC. |
| Criterios de avaliación | Usar a biblioteca e as TIC. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa a biblioteca e as TIC. Evita prexuízos e discriminacións. |
| Competencias | CCL, CSC, CAA, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h ñ |
| Contidos | Ler en voz alta. |
| Criterios de avaliación | Ler en voz alta. |
| Estándares de aprendizaxe | Le en voz alta con dicción, entoación, ritmo e fonética axeitados. |
| Competencias | CCL, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Planificar e revisar textos escritos. |
| Criterios de avaliación | Ordena o contido, controla o rexistro, usa conectores, puntúa e segue as normas do galego. |
| Estándares de aprendizaxe | Planificar e revisar textos escritos. |

| | |
|---|---|
| Competencias | CCL, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Producir textos da vida cotiá. |
| Criterios de avaliación | Producir textos da vida cotiá. |
| Estándares de aprendizaxe | Produce textos da vida cotiá como notas, cartas, correos, etc. |
| Competencias | CCL, CD, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Producir noticias. |
| Criterios de avaliación | Producir noticias. |
| Estándares de aprendizaxe | Produce noticias. Coñece seccións e xéneros do xornal. |
| Competencias | CCL, CD, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Producir textos da vida educativa. |
| Criterios de avaliación | Producir textos da vida educativa. |
| Estándares de aprendizaxe | Produce textos da vida educativa: resumos, exposicións e conclusións. |
| Competencias | CCL, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Usar as TIC para os escritos. |
| Criterios de avaliación | Usar as TIC para os escritos. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Usa as TIC para os escritos: procesadores de textos e correctores ortográficos. |
| Competencias | CCL, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b f h |
| Contidos | Autoavaliación da aprendizaxe da lingua. |
| Criterios de avaliación | Autoavaliación da aprendizaxe da lingua. |
| Estándares de aprendizaxe | Autoavalia a aprendizaxe da lingua. Tenta superarse. |
| Competencias | CCL, CAA |

Bloque 3. Funcionamento da lingua.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e l |
| Contidos | Uso de léxico. |
| Criterios de avaliación | Uso de léxico. Fraseoloxía e vocabulario. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa un léxico amplo, claro e preciso. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a d e |
| Contidos | Fonética e fonoloxía. |
| Criterios de avaliación | Fonética e fonoloxía. |
| Estándares de aprendizaxe | Recoñece e pronuncia ben so fonemas do galego. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e n |

| | |
|---|---|
| Contidos | Uso de dicionarios. |
| Criterios de avaliación | Uso de dicionarios. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa dicionarios e outros soportes para saber a clase de palabras. |
| Competencias | CCL, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e |
| Contidos | Aplicar as normas. |
| Criterios de avaliación | Aplicar as normas. |
| Estándares de aprendizaxe | Aplica as normas morfolóxicas e ortográficas. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e |
| Contidos | Uso da puntuación. |
| Criterios de avaliación | Uso da puntuación. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa ben a puntuación. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e |
| Contidos | Categorías gramaticais. Palabras flexivas e non flexivas. |
| Criterios de avaliación | Categorías gramaticais.: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio. |
| Estándares de aprendizaxe | Recoñece as categorías gramaticais. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e l n |
| Contidos | Cohesión textual: a deíxe persoal. |
| Criterios de avaliación | Cohesión textual: a deíxe. |
| Estándares de aprendizaxe | Recoñece a deíxe persoal. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e h |
| Contidos | Conectores temporais e explicativos. |
| Criterios de avaliación | Conectores temporais e explicativos. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica e usa conectores temporais e explicativos. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e h |
| Contidos | Regras de concordancia e funcións sintácticas. |
| Criterios de avaliación | Regras de concordancia e funcións sintácticas. |
| Estándares de aprendizaxe | Produce textos usando as regras de concordancia e identifica na oración as funcións sintácticas principais. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e h |
| Contidos | Modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas. |

| | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas. |
| Estándares de aprendizaxe | Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e |
| Contidos | Autoavaliación. |
| Criterios de avaliación | Autoavaliación. |
| Estándares de aprendizaxe | Autoavalia recoñecendo os erros. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e h |
| Contidos | Usar varias linguas sen estereotipos. |
| Criterios de avaliación | Usar varias linguas sen estereotipos. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa varias linguas sen estereotipos. |
| Competencias | CCL, CAA, CD |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e |
| Contidos | Competencia comunicativa integrada. |
| Criterios de avaliación | Competencia comunicativa integrada. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende e produce textos. |
| Competencias | CCL, CAA |

Bloque 4. Lingua e sociedade.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | ñ o |
| Contidos | O galego como identidade de Galiza. |
| Criterios de avaliación | O galego como identidade de Galiza. O galego e a lusofonía. Vantaxes do plurilingüismo. |
| Estándares de aprendizaxe | Valora a lingua propia na convivencia co castelán, coñece a lusofonía e a nosa literatura oral, música e xogos. |
| Competencias | CCL, CD, CCEC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | ñ o |
| Contidos | Situación sociolingüística (A Coruña). |
| Criterios de avaliación | Situación sociolingüística (A Coruña). |
| Estándares de aprendizaxe | Entende a situación sociolingüística (A Coruña) e valora a antroponimia galega. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | ñ o |
| Contidos | Actitudes positivas cara o galego. |
| Criterios de avaliación | Actitudes positivas cara o galego. Compromiso individual. |
| Estándares de aprendizaxe | Analiza a súa práctica lingüística. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | ñ o |
| Contidos | Usos e leis nas linguas de España. |

| | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Usos e leis nas linguas de España. |
| Estándares de aprendizaxe | Coñece as leis que regulan o uso das linguas de España. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | ñ o |
| Contidos | Prexuízos lingüísticos. |
| Criterios de avaliación | Prexuízos lingüísticos. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica os prexuízos lingüísticos. |
| Competencias | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h ñ o |
| Contidos | Variedades diatópicas. |
| Criterios de avaliación | Variedades diatópicas. |
| Estándares de aprendizaxe | Aprecia as variedades diatópicas, rexeita prexuízos, recoñece bloques dialectais. |
| Competencias | CCL, CCEC |

Bloque 5. Educación literaria.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l |
| Contidos | Ler obras literarias. |
| Criterios de avaliación | Ler obras literarias. Desenvolver criterio lector. |
| Estándares de aprendizaxe | Le obras literarias. Opina sobre os libros. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l |
| Contidos | Texto literario (os xéneros) e texto non literario. |
| Criterios de avaliación | Texto literario (os xéneros) e texto non literario. |
| Estándares de aprendizaxe | Compara texto literario (diferencia os xéneros) e texto non literario. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l |
| Contidos | Lectura expresiva e comprensiva. Audicións. |
| Criterios de avaliación | Lectura expresiva e comprensiva. Audicións. |
| Estándares de aprendizaxe | Le expresiva e comprensivamente. Fai audicións. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l |
| Contidos | Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos. |
| Criterios de avaliación | Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos. |
| Estándares de aprendizaxe | Le expresiva e comprensivamente textos narrativos. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l |
| Contidos | Lectura/visualizado de pezas teatrais. |
| Criterios de avaliación | Lectura/visualizado de pezas teatrais. |
| Estándares de aprendizaxe | Le/visualiza pezas teatrais. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l n |
| Contidos | Producir textos estéticos. |
| Criterios de avaliación | Producir textos estéticos. |
| Estándares de aprendizaxe | Escribe textos estéticos. |
| Competencias | CCL, CCEC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h l n |
| Contidos | Banda deseñada e canción. |
| Criterios de avaliación | Banda deseñada e canción. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica os trazos da banda deseñada e da canción. |
| Competencias | CCL, CCEC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | e h l |
| Contidos | Uso das bibliotecas. |
| Criterios de avaliación | Uso das bibliotecas. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa a biblioteca e os seus recursos para buscar información. |
| Competencias | CCL, CCEC |

**SEGUNDO CURSO DA ESO**

- Dentro da mesma dinámica estruturada en bloques que serviu para o primeiro curso, os contidos do segundo non son necesariamente distintos, mais **intensivos con respecto aos anteriores**, profundando o alumnado na súa esencia e particularidades.

- Do punto de vista gramatical, insistirase nos **nexos e conectores** textuais máis comúns, incidindo no rexeitamento daqueles marcadores do discurso que supoñan un empobrecemento da expresión, quer polo propio abuso de palabras ou frases habituais,

quer por seren castelanismos que contribúen a deturpar a expresividade da lingua galega.

- Desenvolverase o estudo dos **tempos e modos** verbais, recoñecendo a primacía da estrutura simple sobre a composta, aínda que comprendendo a complexidade das perífrases.

- Tamén, nesta mesma liña, será de grande relevo a esencialidade de formas auténticas do idioma como o **infinitivo flexionado** e o **futuro do subxuntivo**, cuxo uso está fortemente ameazado pola crecente interferencia do español, ao non posuír este idioma o primeiro e ter restrinxido o segundo para usos excesivamente cultos.

- Igualmente se insistirá no emprego do **antepretérito** na súa forma sintética de orixe latina (-ra), marcando para o **pretérito do subxuntivo** a forma en –se como preferentemente normativa.

- No léxico, estudaranse as relacións de **sinonimia, a antonimia**, a elipse, etc.

- Tamén, na morfoloxía, o alumnado aprenderá a estrutura das palabras, distinguindo os **morfemas** lexicais, os derivativos e os flexivos.

- O alumno debe aprender a se expresar con fluidez, coñecendo o máis posíbel léxico esquecido no día a día da relación social, especialmente urbana, evitando progresivamente os castelanismos e as interferencias do castelán en xeral, coñecendo así mesmo refráns e frases feitas tradicionais, e no plano da escrita empregando axeitadamente os signos de puntuación.

- Polo que atinxe á fonética, débese insistir na correcta pronuncia dos **sons propios do idioma**, nomeadamente na pertinencia das vogais de abertura media (/e/-/e/, /o/-//ɔ), na pronuncia da consoante nasal velar (/ŋ/), na adecuada execución do son fricativo palatal xordo, non existente no estándar español (/ʃ/), na pronuncia paroxítona dos adverbios rematados en –mente, etc.

- No eido sociolingüístico, alumnado afondará no coñecemento das linguas no mundo, entendendo o plurilingüismo mais sobre todo a desigual relación entre as linguas hexemónicas e as **linguas minorizadas.**

- Neste mesmo sentido, coñecerá o alumnado o principal da normativa galega sobre usos lingüísticos a partir da legalidade, incluíndo o relativo á toponimia.

- Aínda afirmando a necesidade dun **galego común** para determinados usos, cómpre considerarmos a **riqueza dialectal** das diferentes áreas xeográficas, diferenciando con claridade o que é simplemente dialectal do que é vulgar ou alleo por castelanizante.

- No **plano literario**, os alumnos de 2º de ESO exercitaranse na lectura de diversos fragmentos narrativos, poéticos e dramáticos, inseridos no proceso de produción literaria desenvolvido polos creadores galegos no decurso do tempo. Ao longo do curso deberán **ler dúas ou tres obras** completas de breve extensión. Estas obras deberán ser ben escollidas polo profesorado do Departamento, evitando aqueles textos que revelen unha pobre e inaxeitada tradución do castelán ou ben unha creación directa en galego a partir de estruturas de pensamento en castelán

2º de ESO

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>h<br>l<br>ñ | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. | LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | CCL<br>CAA |
| | | | LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>h | B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo | B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo. | LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | . | LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | CAA |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. | B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | CCL<br>CSC<br>CSIE |
| a<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas | B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. | LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas | CCL<br>CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | CSC<br>CAA |
| h<br>o | B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | CAA |
| | | | LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | CCL<br>CCEC |
| h<br>o | B1.6 .Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | CCL |
| | | | LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>g<br>h | B1.7.<br>Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. | B1.7.<br>Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | LGB1.7.1.<br>Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | CD<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | LGB1.7.2.<br>Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | CD<br>CCL<br>CSC |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.8.<br>Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado o que xeren intercambio de opinión | B1.8.<br>Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado o que xeren intercambio de opinión | LGB1.8.1.<br>Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | . | | LGB1.8.2.<br>Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | CSC CAA |
| a b c g h o | B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. | B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | CAA |
| | | | LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | CCL CSC CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | CLL<br>CSC |
| | | | LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | CLL<br>CAA |
| | | | LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | • CAA<br>• CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>h<br>l<br>ñ | B1.10.<br>Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo. | B1.10<br>Producir discursos breves e comprensible s, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. | LGB1.10.1.<br>Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CCEC |
| | | | LGB1.10.2.<br>Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | CSC<br>CSIEE |
| | | | LGB1.10.3.<br>Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.10.4.<br>Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | CCL<br>CAA |

| | Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>f<br>h | B2.1.<br>Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. | B2.1.<br>Aplicar os coñecemento s sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión. | LGB2.1.1.<br>Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.1.2.<br>Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.1.3.<br>Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | CCL |
| | | | LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>h | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais:diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>e<br>h | B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). | LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | CCL<br>CSC |
| | | | LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | • CCL |
| d<br>e<br>h | B2.4. Comprensión e interpretación , en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | CCL<br>CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>h | B2.5.<br>Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. | B2.5.<br>Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecemento s adquiridos non proceso de aprendizaxe continua. | LGB2.5.1.<br>Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | CCL<br>CCA |
| | | | LGB2.5.2.<br>Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | CCL<br>CD<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | CCL<br>CD<br>CAA |
| c<br>d<br>h | B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas. | LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | • CCL<br>• CSC |
| | | | LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | CCL |
| | | | LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>ñ | B2.7.<br>Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz. | B2.7.<br>Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función. | LGB2.7.1.<br>Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | CCL |
| | | | LGB2.7.2.<br>Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | CCL<br>CD |
| b<br>g<br>h | B2.8.<br>Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. | B2.8.<br>Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto. | LGB2.8.1.<br>Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | CCL |
| | | | LGB2.8.2.<br>Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | CCL |
| | | | LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | CCL |
| | | | LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | CCL<br>CD |
| | | | LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | CCL<br>CD |
| b<br>e<br>h | B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | CCL<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>h | B2.10.<br>Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | B2.10.<br>Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | LGB2.10.1.<br>Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | CCL<br>CD<br>CSC |
| b<br>e<br>h | B2.11.<br>Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | B2.11.<br>Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | LGB2.11.1.<br>Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>h | B2.12.<br>Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamental mente, narrativos e descritivos. | B2.12.<br>Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamental mente, narracións e descricións. | LGB2.12.1.<br>Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | CCL |
| b<br>e<br>f<br>h | B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización , como para a revisión e mellora do escrito. | B2.13. Usar as TIC para textualiar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos. | LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | CCL<br>CD |
| d<br>h | B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecemento s propios. | B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| | Bloque 3. Funcionamento da lingua | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>l | B3.1.<br>Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | B3.1.<br>Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. | LGB3.1.1.<br>Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | CCL<br>CCC. |
| a<br>d<br>e | B3.2.<br>A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. | B3.2.<br>Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. | LGB3.2.1.<br>Recoñece e pronunciar correctamente os fonemas propios da lingua galega. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>n<br>l | B3.3.<br>Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. | B3.3.<br>Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. | LGB3.3.1.<br>Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. | B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. | LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | • CCL<br>• CD |
| b<br>e | B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | LGB3.5.1. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | CCL |
| | | | LGB3.5.2. Aplicar estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e | B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. | B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual. | LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B3.7.<br>Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | B3.7.<br>Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | LGB3.7.1.<br>Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | CCL<br>CAA |
| | | | LGB3.7.2.<br>Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | CCL<br>CAA |
| e<br>h | B3.8.<br>Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | B3.8.<br>Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | LGB3.8.1.<br>Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | CCL<br>CAA |
| | | | LG3.8.2.<br>Utiliza os elementos lingüísticos para a | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | cohesión interna. | |
| e<br>h | B3.9.<br>Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | B3.9.<br>Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | LG3.9.1.<br>Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e | B3.10.<br>Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | B3.10.<br>Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe. | LG3.10.1.<br>Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e<br>h | B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br>e | B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecemento s sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | CCL<br>CAA |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 4. Lingua e sociedade | | | |
| ñ<br>o | B4.1.<br>Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2.<br>O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.3.<br>A lusofonía | B4.1.<br>Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | LGB4.1.1.<br>Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | CCL |
| | | | LGB4.1.2.Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | CCL CSC |
| | | | LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | CCL |
| | | | LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | CCL CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ñ o | B4.4. Situación sociolingüística do galego. | B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | diferenzas. | |
| | | | LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | CCL |
| ñ<br>o | B4.5.Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizador as no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ñ.<br>o. | B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ñ<br>o | B4.7.<br>Prexuízos lingüísticos. | B4.5.<br>Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.5.1.<br>Coñece o que é un prexuízo.<br>Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | CCL<br>CSC |
| ñ<br>o | B4.8.<br>Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia. | LGB4.6.1.<br>Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | CCL |
| | | | LGB4.6.2.<br>Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | CCL |
| | | | LGB4.6.3.<br>Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | CCL |
| | | | LGB4.6.4.<br>Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | CCL<br>CSC |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. Educación literaria | | | |
| h<br>l | B5.1.<br>Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecemento s adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | B5.1.<br>Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecemento s adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | LGLB5.1.1.<br>Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | • CCL |
| h<br>l | B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. | B5.2. Ler expresiva e comprensiva mente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos. | LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>l | B5.3.<br>Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | B5.3.<br>Ler expresiva e comprensiva mente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | LGLB5.3.1.<br>Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>l | B5.4.<br>Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | B5.4.<br>Ler dramatizada e comprensiva mente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | LGLB5.4.1.<br>Le dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>l | B5.5.<br>Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | B5.5.<br>Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | LGLB5.5.1.<br>Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | CCL |
| | | | LGLB5.5.2.<br>Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | CCL |
| h<br>l | B5.6.<br>Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos | B5.6.<br>Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | LGB.5.6.1.<br>Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| h<br>l<br>n | B5.7.<br>Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecemento s literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | B5.7.<br>Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecemento s literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | LGLB5.7.1.<br>Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | • CCL<br>• CCEC |
| h<br>l<br>n | B5.8.<br>Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | B5.8.<br>Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | LGLB5.8.1.<br>Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | CCL<br>CCEC |
| | | | LGB5.8.2.<br>Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>h<br>l | B5.9.<br>Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.9.<br>Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | LGLB5.9.1.<br>Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | CCL<br>CD |

## TERCEIRO CURSO DA ESO

- Dominio das técnicas de composición escrita, co emprego axeitado dos **nexos e conectores**
  textuais, a fin de acadar unha cohesión expresiva, dentro da lóxica do discurso.
- Dominio, así mesmo, da **expresión oral**, evitando o abuso de fórmulas "comodín" e de procederes tanto reducionistas como sobexos.
- Coñecemento da dinámica das **familias léxicas**, distinguindo aquelas regulares e aqueloutras irregulares (constituídas por cultismos e palabras patrimoniais).
- Na mesma liña da estrutura da palabra que se estudaba no segundo curso, incidir nos procedementos de **formación de palabras**: a derivación, a composición e a parasíntese.
- Comprender as unidades e as **funcións sintácticas**, e iniciarse devagar na análise, como base para o exercicio do pensamento lóxico.
- Desenvolver axeitadamente a estrutura do texto, incluíndo aquí tanto as unidades sintácticas, conectores, nexos de diferente tipo, etc., como a diferenciación dos grupos fónicos (plano oral) e o axeitado emprego dos signos de puntuación (plano da escrita).
- Insistir nunha **fonética propiamente galega**, quer no que atinxe ás vogais, quer na pronuncia consonántica, quer na entoación.
- Para alén do coñecemento da situación lingüística na Península Ibérica, posuír uns coñecementos xerais da **historia da lingua**, nomeadamente desde as súas orixes até fins

do século XIX.

- Saber abordar de maneira teórica e cunha base científica os fenómenos de **contacto de linguas** que afectan ao caso galego: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias..., superando a visión subxectiva e de comentario marxinal.
- Traballar no concepto de **rexistro lingüístico**, de variedades diastráticas e diafásicas..., e observar a lectura que se extrae nun **contexto diglósico**.
- Valorizar a **Idade Media** (especialmente os séculos XIII e XIV) como o tempo de esplendor da cultura galega, ora no plano da lingua −onde todo se define nunha situación de "normalidade" monolingüe−, ora no plano da literatura, cando a diferenza lingüística e cultural entre as dúas marxes do Miño é inapreciábel, e cando a lírica galego-portuguesa é a máis prestixiosa da Europa Occidental ao lado da Provenzal.
- Coñecer as principais características da **literatura trobadoresca**, abordando mediante a lectura e comentario de texto os principais xéneros poéticos (cantigas de *amigo*, de *amor* e de *escarnho e mal-dizer*), outros xéneros menores, algúns dos máis notábeis creadores a través das súas mostras representativas (Pero Meogo, Meendinho, Martín Codax, Don Dinís, Fernando Esquío, Airas Nunes, Johán Airas, Afonso X o Sabio, Paio Gomes Charinho, Bernal de Bonaval...), e reflexionar sobre a importancia deste período ao lado de outras manifestacións artísticas como a escultura ou a arquitectura románica e posterior.
- Comprensión do que acontece tras o período medieval −durante os chamados "séculos escuros" que se estenden até o XVIII mesmo inclusive−, valorizando o que consecuentemente vai ter esta "escuridade" no proceso de "substitución lingüística" que hoxe se evidencia, e así mesmo a falta de literatura escrita que, salvo excepcións, impera até o século XIX.
- Comprender a **decadencia da cultura galega** entre os séculos XV e XIX como consecuencia dun proceso político de asimilación.
- Comprender o chamado "**Rexurdimento"** do século XIX como un proceso político-social e sociocultural −en calquera caso, non de cariz estritamente estético−, que ten como esencia definitoria a reivindicación da personalidade histórica da Galiza ao longo do tempo e que procura a súa emancipación estética e social.
- Entender, neste sentido, as tres fases principais que é posíbel distinguir no proceso do século XIX: a fase inicial, desde a primeira década do século até 1830 e 40, a segunda fase, "provincialista", até 1863, e a fase do "rexurdimento pleno", desde os *Cantares* de

Rosalía a fin de século.

- **Ler textos representativos** de **Rosalía** de Castro, Eduardo **Pondal**, **Curros** Enríquez e outros autores da época, iniciándose os alumnos no comentario de textos e na comprensión da historia.
- Inserir as temáticas literarias na globalidade dos contidos transversais, contribuíndo a os alumnos e alumnas teren unha visión ampla e respectuosa do mundo actual e do mundo na súa traxectoria diacrónica.

3º DA ESO

Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Textos orais dos medios audiovisuais. |
| Criterios de avaliación | Textos orais dos medios audiovisuais. |
| Estándares de aprendizaxe | Comprende e interpreta os textos orais dos medios audiovisuais. |
| Competencias | CCL |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Mensaxes discriminatorias en entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. |
| Criterios de avaliación | Mensaxes discriminatorias en entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. |
| Estándares de aprendizaxe | Diferencia ideas principais e secundarias en entrevistas, noticia crónicas e reportaxes. Compara medios. Rexeita prexuízos. |
| Competencias | CCL, CAA, CSC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |

| | |
|---|---|
| Contidos | Textos expositivos e argumentativos. |
| Criterios de avaliación | Textos expositivos e argumentativos. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica ideas principais e secundarias en textos expositivos e argumentativos |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Textos orais da educación. |
| Criterios de avaliación | Textos orais da educación. |
| Estándares de aprendizaxe | Identifica intención, tese e argumentos de debates, relatorios e mesas redondas da educación. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a c d h |
| Contidos | Escoita. |
| Criterios de avaliación | Escoita. |
| Estándares de aprendizaxe | Usa as normas da escoita. Recoñece a prosodia e a linguaxe non verbal. |
| Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | h o |
| Contidos | Fonética correcta. |
| Criterios de avaliación | Fonética correcta. |
| Estándares de aprendizaxe | Aprecia a fonética correcta. Rexeita prexuízos. Usa o dialecto propi |

| | |
|---|---|
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a c d h |
| Contidos | Intercambios de opinión. |
| Criterios de avaliación | Intercambios de opinión. |
| Estándares de aprendizaxe | Participa en debates, non divaga, respecta quendas. |
| Competencias | CCL, CAA, CSC, CCEC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a b c g h o |
| Contidos | Falar en público. |
| Criterios de avaliación | Falar en público. |
| Estándares de aprendizaxe | Elabora guións, participa oralmente con corrección, usa a prosodia da linguaxe non verbal. |
| Competencias | CCL, CAA, CSC, CSIEE |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | a d h l |
| Contidos | Uso de rexistros. |
| Criterios de avaliación | Discursos breves. |
| Estándares de aprendizaxe | Participa en conversas, usa regras de cortesía, fai resumos. |
| Competencias | CCL, CSC, CSIEE, CCEC |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b e g h |
| Contidos | Uso das TIC en textos orais. |
| Criterios de avaliación | Uso das TIC en textos orais. |

| | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe | Usa medios dixitais e usa TIC. |
| Competencias | CCL, CSC, CD, CSIEE |

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

| | |
|---|---|
| Obxectivos | b f h |
| Contidos | Lectura comprensiva e crítica. |
| Criterios de avaliación | Lectura comprensiva e crítica. |
| Estándares de aprendizaxe | Fai esquemas e resumos, táboas e gráficos. Lectura comprensiva e crítica. |
| Competencias | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | d e h |
| Contidos | Textos da vida cotiá. |
| Criterios de avaliación | Textos da vida cotiá. |
| | | | LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| p | B4.6.<br>Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas. | B4.4.<br>Distinguir as característica s lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua. | LGB4.4.1.<br>Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | CCL |
| | | | LGB4.4.2.<br>Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB4.4.3.<br>Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. | CCL<br>CSC |
| | | | LGB4.4.4.Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | CCL |
| p | B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | CCL |
| p | B4.8. A evolución da conciencia lingüística. | B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | CCL<br>CSC |

| | Bloque 5. Educación literaria | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>n | B5.1.<br>Literatura galega de 1916 a 1936:<br>Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>Teatro: o/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | B5.1.<br>Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:<br>Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | LGB5.1.1.<br>Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936:<br>autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | CCL |
| | | | LGB5.1.2.<br>Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós e outros/as autores/as. | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>d<br>n | B5.2.<br>Lectura e comentario de textos significativo s da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.2.<br>Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas característica s temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.2.1.<br>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |
| | | | LGB5.2.2.<br>Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>n | B5.3.<br>Literatura galega entre 1936 e 1975:<br>Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.<br>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | B5.3. Identifica analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 193 a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais Prosa: produción bélica e autores/ do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | LGB5.3.1.<br>Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | CCL |
| | | | LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>d<br>n | B5.4.<br>Lectura e comentario de textos significativo s da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.4.<br>Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas característica s temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1.<br>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |
| | | | LGB5.4.2.<br>Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |
| e<br>n | B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL |
| | | | LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| d<br>n | B5.6.<br>Lectura e comentario de textos significativo s da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas característica s temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB. 5.6.1 Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | |
| | | | LGB5.6.2.<br>Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL |
| e<br>n | B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | CCL |

## TEMPORALIZACIÓN

**PRIMEIRO DA ESO**

**- Na primeira avaliación:**

De setembro até fins de outubro:

A comunicación.

A palabra e as súas clases.

Os tipos de textos: a narración.

Vocabulario básico: a saúde. Os alimentos.

A linguaxe literaria.

De primeiros de novembro a primeiros de decembro:

O enunciado.

Suxeito e predicado.

O verbo. Raíz e desinencias.

O diálogo.

Vocabulario básico.

Literatura popular e literatura culta.

**- Na segunda avaliación:**

De comezos de xaneiro a finais febreiro:

A conxugación verbal.

O adverbio.

As familias léxicas.

A descrición e a narración.

A prosa e o verso. A rima.

De febreiro a comezos de marzo:

O substantivo. O artigo.

O adxectivo cualificativo.

Os campos léxicos.

A banda deseñada e outros medios expresivos.

A diversidade lingüística.

Os sufixos. Palabras primitivas e derivadas.

Os recursos literarios.

A poesía.

**- Na terceira avaliación:**

De abril a xuño:

Os determinantes.

Os pronomes persoais.

O artigo xornalístico. A noticia.

As narracións tradicionais.

De maio a xuño:

As preposicións e as conxuncións.

As palabras parasintéticas.

Os diferentes rexistros e niveis de lingua.

O teatro.

A lingua oral como interacción.

## SEGUNDO DA ESO

**- Na primeira avaliación:**

De setembro a fins de outubro:

Os verbos. Tempos e modos.

O vocabulario nas súas diferentes dimensións.

Os sons propios do idioma.

De primeiros de novembro a primeiros de decembro:

Os verbos: Estudo especial do antepretérito e do pretérito do subxuntivo

As clases de palabras e a súa estrutura.

As vogais do galego. Diferentes graos de abertura

O galego na sociedade. Interferencias.

**- Na segunda avaliación:**

De comezos de xaneiro a comezos de febreiro:

O infinitivo conxugado (ou persoal, ou flexionado): formas e usos.

O futuro do subxuntivo: formas e usos.

A sinonimia e a antonimia. A homonimia e a polisemia.

As consoantes do galego. Pronuncia axeitada do "n" velar (/N/), dos adverbios rematados en – mente, do son fricativo palatal xordo (/S/), etc.

De febreiro a fins de marzo:

Os verbos irregulares: verbos irregulares e semirregulares.

As perífrases verbais.

Morfemas flexivos (gramaticais) e léxicos (derivativos, apreciativos).

O uso adecuados dos signos de puntuación.

**- Na terceira avaliación:**

De primeiros de abril a primeiros de maio:

Os nexos e conectores: preposicións, conxuncións...

O estudo da toponimia e da antroponimia.

O galego común e as variantes dialectais.

A linguaxe literaria.

De maio a xuño:

Fraseoloxía rural e urbana.

A interferencia do español como condicionante.

O galego e as linguas minorizadas.

O galego e a súa dimensión internacional na súa familia lingüística.

Lingua estándar e desviacións da norma: castelanismos, vulgarismos, hipergaleguismos, dialectalismos e arcaísmos.

A lingua literaria nos diversos xéneros literarios.

**TERCEIRO DA ESO**

**- Na primeira avaliación:**

De setembro a fins de outubro:

Emprego axeitado dos nexos e conectores textuais.

Dominio da expresión oral.

Estudo das familias léxicas, distinguindo as regulares das irregulares.

Diferenciación dos grupos fónicos.

De primeiros de novembro a primeiros de decembro:

Unidades e funcións sintácticas. Funcións e relacións.

A formación de palabras: derivación, composición e parasíntese.

Exercicios de fonética galega: vogais e consoantes.

Historia da lingua: orixes e formación: substrato e superestrato.

**- Na segunda avaliación:**

De comezos de xaneiro a comezos de febreiro:

A lingua galega na Idade Media.

A lingua no plano oral e no plano escrito.

Contacto de linguas: bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico.

Os rexistros lingüísticos.

De febreiro a fins de marzo:

O esplendor da literatura galega na Idade Media: a lírica galego-portuguesa.

As cantigas medievais desde a perspectiva de hoxe.

A cantiga de amigo: textos, poetas, temáticas, artificios.

As cantigas de amor e as cantigas de escarnho e maldizer.

O contexto monolingüe da Galiza trobadoresca.

**- Na terceira avaliación:**

De primeiros de abril a primeiros de maio:

O proceso de substitución lingüística iniciado nos "Séculos Escuros".

A decadencia da cultura galega entre os séculos XV e XIX.

O Rexurdimento do século XIX: características dun proceso que se inicia.

A obra de Rosalía de Castro.

De maio a xuño:

A poesía de Curros Enríquez: significado estético e social de Curros.

A poesía de Eduardo Pondal: a resonancia poética e a idealización da patria.

O teatro do século XX e os inicios da narrativa.

O Rexurdimento visto desde hoxe.

**CUARTO DA ESO**

**- Na primeira avaliación:**

De setembro a fins de outubro:

Estudo da sintaxe galega: relacións e funcións.

Elementos conectivos.

Os matices fónicos na lectura dun texto.

Aspectos da sociolingüística. Lingua e legalidade.

Recursos literarios máis usuais.

De primeiros de novembro a primeiros de decembro:

Elementos funcionais na sintaxe: terminoloxía.

As vogais medias abertas e fechadas.

Reflexión teórico-práctica sobre as consoantes galegas.

A sociolingüística "in situ".

A literatura do século XX: etapas, tendencias, autores. Esquema xeral.

**- Na segunda avaliación:**

De comezos de xaneiro a comezos de febreiro:

A literatura galega do XX: transición e renovación. Noriega Varela.

Ramón Cabanillas no contexto das Irmandades e da renovación formal.

A xeración Nós.

As vangardas na literatura galega: as vangardas na Europa e na Península.

A vangarda radical e a moderada: Manuel Antonio e Amado Carballo.

A orixinalidade de Cunqueiro no contexto da vangarda.

De febreiro a fins de marzo:

Insistencia na expresión oral e escrita.

A ruptura que supón a guerra civil do 36.

A literatura de posguerra: exterior e interior.

Os poetas do exilio: Luís Seoane, Lorenzo Varela…

Iglesia Alvariño, Álvarez Blázquez, Díaz Castro, Carvalho Calero...

Celso Emilio e a poesía Social.

Cunqueiro e a renovación da poesía na posguerra.

**- Na terceira avaliación:**

De primeiros de abril a primeiros de maio:

As xeracións poéticas da posguerra: "Promoción de Enlace" e Xeración dos 50.

Luz Pozo..., Méndez Ferrín, Manuel María, Novoneyra...

A narrativa de posguerra: liñas de clasificación.

A narrativa de Blanco Amor.

A narrativa de Cunqueiro.

A Nova Narrativa Galega.

De maio a xuño:

A xeración poética dos 80: Xavier Seoane, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Xosé María Álvarez Cáccamo...

Os poetas de fins do século XX e comezos do XXI: Yolanda Castaño, Olga Novo...

A narrativa dos 80: Suso de Toro, Manuel Rivas...

Narradores de fins do século XX e comezos do XXI: Rosa Aneiros...

O teatro dos últimos anos.

A realidade sociolingüística máis actual e inmediata.

**PRIMEIRO DE BACHARELATO**

**- Na primeira avaliación**:

De setembro a fins de outubro:

A lingua galega desde as súas orixes até o século XIX inclusive.

Formación e historia da lingua: o estrato latino, o substrato e o superestrato.

Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais.

Familias léxicas irregulares.

A lingua galega na Idade Media.

A lingua galega nos "Séculos Escuros".

A lingua galega no Rexurdimento.

Elementos da lingua a un nivel sincrónico: léxico e morfosintaxe

O signo lingüístico, a comunicación, os rexistros e os tipos de textos.

A morfoloxía nominal: substantivo, adxectivo, pronomes.

Materia de actividade na aula:

Análise lingüística de textos.

Primeira lectura obrigatoria.

De primeiros de novembro a primeiros de decembro:

O galego no contexto das linguas:

- A diversidade lingüística no mundo e en Europa.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica.

Elementos da lingua a un nivel sincrónico:

- O verbo: verbos regulares e irregulares. Conxugación. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. O futuro do subxuntivo. O antepretérito e o pretérito do subxuntivo.
- Os conectores, o adverbio e os marcadores discursivos.

Materia de actividade na aula.

- **Na segunda avaliación:**

De comezos de xaneiro a comezos de febreiro:

A literatura na Idade Media: xéneros, temáticas, poetas, textos. Comentario de textos medievais.

Insistencia sobre gramática, léxico, lingua oral...

De febreiro a fins de marzo:

Os Séculos Escuros: problemática sociolingüística.

A literatura galega do século XIX: características xerais do Rexurdimento.

Os Precursores: Francisco Añón. Xoán Manuel Pintos.

Rosalía de Castro: comentario da súa obra poética.

Insistencia na gramática, léxico, lingua oral e escrita...

- **Na terceira avaliación:**

De primeiros de abril a primeiros de maio:

A obra de Manuel Curros Enríquez: comentario de textos literarios. Consideración social.

A obra poética de Eduardo Pondal: importancia de Pondal no tratamento do mito.

Comentario de poemas.

Outros poetas do Rexurdimento.

Insistencia na gramática, no léxico, na lingua oral e escrita.

De maio a xuño:

O teatro do século XIX.

A narrativa no século XIX como precedente.

A lingua e os seus diferentes ámbitos e rexistrosInsistencia na gramática, no léxico, lingua oral  e escrita...

**SEGUNDO DE BACHARELATO**

- **Na primeira avaliación**: dous exames antes das vacacións de Nadal dos seguintes temas do libro. Materia para o exame:

Bloque 1-2: todo o curso.

Bloque 3:

- 3.1: Fonética e Fonoloxía. Os sons, as letras, fonemas vocálicos e consonánticos. A sílaba. O acento e a entoación.
- 3.2: Variedades xeográficas da lingua galega. Bloques, áreas e trazos característicos.
- 3.6: Repaso xeral de Morfoloxía.

Bloque 4:

- 4.1: Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- 4.2: Hª da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- 4.4: O galego no 1º 1/3 do séc. XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Bloque 5:

- 5.1: A poesía das Imandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

- 5.2: A poesía de Vangarda. Características, autores e obras representativas.

- 5.3: A prosa do 1º 1/3 do séc. XX: as Irmandades e o Grupo Nós. (narrativa, ensaio e xornalismo).

- 5.4: O teatro do 1º 1/3 do séc. XX: as Irmandades, as Vangardas e o Grupo Nós.

Materia de actividade na aula:

Análise lingüística de textos (corrección idiomática, definición de palabras e expresións, desviacións da norma, morfosintaxe, trazos fonéticos de vogais e consoantes, etc.).

Materia de actividade na aula:

Estudo literario da obra *Retrincos. Un ollo de vidro,* de Castelao.

- **Na segunda avaliación**: dous exames antes das vacacións de semana santa das unidades seguintes. Materia para o exame:

Bloque 1-2: todo o curso.

Bloque 3:

- 3.4: A estrutura da palabra.

- 3.6: Repaso xeral de Morfoloxía.

Bloque 4:

- 4.5: O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Bloque 5:

- 5.5: A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 5.6: A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Neira Vilas).
- 5.7: A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.- 5.8: O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 5.9: A literatura no exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

Materia de actividade na aula.

Vocabulario da obra *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.

Estudo literario da obra *A esmorga* (entrega dun traballo sobre a obra).

- **Na terceira avaliación**: dous exames antes da avaliación final.

Materia para o exame:

Bloque 1-2: todo o curso.

Bloque 3:

- 3.4: Semántica. Os campos semánticos. As relacións semánticas. Os cambios semánticos.

- 3.5: Sintaxe. Repaso de unidades e funcións sintácticas. A oración simple e a oración composta. Oracións subordinadas. Aspectos particulares da sintaxe galega.

- 3.6: Repaso xeral de Morfoloxía.

Bloque 4:

- 4.3: O galego, lingua en vías de normalización.

- 4.6: O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Bloque 5:

- 5.10: A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

- 5.11: A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

- 5.12: O teatro a fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Materia de actividade na aula:

Estudo literario da obra *Morgana en Esmelle,* de Begoña Caamaño.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

**1º de ESO**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- O galego na sociedade actual.
- Saber aplicar as regras básicas de acentuación e puntuación.
- Clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo, -
- Coñecer o vocabulario traballado na aula.
- Comprender un texto, distinguindo o esencial e o secundario.
- Distinguir e crear diferentes tipos de textos: narrativos, xornalísticos, teatrais, etc.

**2º de ESO**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprender un texto, distinguindo o esencial e o secundario.
- Distinguir e crear diferentes tipos de textos: publicitarios, administrativos, da rede, etc.
- Coñecer os trazos máis relevantes da fonética galega.
- Coñecer as principais características da morfoloxía galega, especialmente no relativo aos pronomes persoais e aos verbos. Coñecer as función sintácticas básicas.
- Coñecer o vocabulario traballado na aula.
- A historia do galego e a súa realidade social.

**3º de ESO**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprender un texto, distinguindo o esencial e o secundario.
- Morfoloxía da lingua galega. Revisión e actualización. Perífrases, infinitivo flexionado, colocación do pronome persoal, etc.
- Coñecer o vocabulario traballado na aula.
- Empregar correctamente os signos de puntuación na escrita.
- Coñecer a historia do galego desde as orixes até o século XIX.
- Coñecer a literatura galega medieval, a dos séculos de decadencia e a do século XIX.
- Saber comentar textos literarios das etapas traballadas.

**4º de ESO**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Tipos de textos: argumentativos, académicos, xornalísticos…
- Comprender un texto, distinguindo o esencial e o secundario.
- Coñecer o vocabulario traballado na aula.
- Saber compor con corrección un texto escrito.
- Sintaxe: unidades e función sintácticas.
- O galego no século XX e XXI e a súa situación actual.
- Saber comentar textos literarios contemporáneos.

**1º de Bacharelato**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprender un texto, distinguindo o esencial e o secundario e saber analizalo criticamente.
- Entender o signo lingüístico e a súa funcionalidade na comunicación.

- Coñecer o vocabulario e a fraseoloxía traballados na aula.
- Repaso da morfoloxía galega (nominal e verbal), incidindo na conxugación verbal: participios regulares e irregulares, infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo, perífrases verbais, verbos de construción reflexiva e non reflexiva, etc.
- Coñecer as orixes e as principais etapas da lingua ao longo da historia até o século XIX.
- Entender a situación sociolingüística do galego na actualidade.
- Saber comentar e interpretar textos representativos da literatura medieval galego-portuguesa, dos séculos de decadencia e dos autores mais relevantes do XIX (Rosalía, Curros e Pondal).

**2º de Bacharelato**

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprensión textual: saber resumir textos, recoñecer a súa estrutura e distinguir as ideas principais das secundarias. Saber comentar a intención dos textos e comprender o seu léxico, expresións e sentido.
- Produción textual: o alumno debe saber construír textos dunhas 250 palabras expresándose con corrección, coherencia e organización. Procurará a adecuación léxico-gramatical e o correcto dominio da norma galega, a súa ortografía e os signos de puntuación.
- Repaso da gramática do galego: fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, semántica, lexicoloxía e dialectoloxía.
- Sociolingüística. Coñecer a historia do galego, a construción do estándar e dominar diversos conceptos como diglosia, conflito lingüístico, interferencias e desviacións da norma ou linguas minorizadas e minoritarias.
- Literatura. Coñecer as características, autores e obras máis representativas da poesía, a narrativa e o teatro durante o século XX e o que vai do XXI. Saber en 400 palabras facer una redacción sobre dun dos aspectos desa historia literaria.
- Coñecer o vocabulario e a fraseoloxía traballados na aula.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación** terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias

clave.

Os estándares de aprendizaxe avaliables son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os criterios de avaliación constitúen un referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Debe ficar claro que a materia *Lingua Galega e Literatura* é progresiva tanto na ESO como no Bacharelato. O saber é acumulativo e de aprendizaxe continuada. Para un alumno ter a cualificación nunha materia (por exemplo en *Lingua Galega e Literatura* de 2º da ESO) debe ter superada a materia correspondente do 1º curso. O profesorado e o alumnado nestas circunstancias estará especialmente atento nestes casos para levar a cabo os procedementos máis adecuados.

Unha vez realizada a avaliación inicial avaliarase o proceso de aprendizaxe: son importantes as actividades diarias realizadas na aula (orais e escritas, individuais ou en grupo). Como instrumentos que serven ao proceso avaliador terase en conta con especial relevancia as <u>probas obxectivas e os controis periódicos</u> (dous como mínimo por avaliación) mais tamén os cadernos do alumnado, os traballos encomendados e os controis das lecturas obrigatorias.
No final do proceso, os estudantes terán que mostrar o coñecemento dos estándares de aprendizaxe ou contidos mínimos indicados para o curso que estean a seguir, necesariamente vinculados ás destrezas que lles correspondan e aplicados ao dominio oral e escrito da lingua, tanto no terreo da comprensión canto no da expresión.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A docencia da materia de Lingua Galega e Literatura implica traballar varias competencias ao mesmo tempo: a que debe desenvolver, a competencia en comunicación lingüística (CCL),

necesaria para a competencia de aprender a aprender (CAA) e para a competencia dixital (CD), en tanto que a comunicación actual se produce en grande parte polo medio dixital, dominar esta competencia é esencial para a selección da información e para a produción. Ademais a comunicación é fundamentalmente social de aí que a competencia social e cívica (CSC) tamén debe se desenvolta.

A materia de Lingua Galega e Literatura desenvolve principalmente a competencia en comunicación lingüística (CCL) e para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Con todo, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións en que se concretan:

– O *compoñente lingüístico* comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

– O *compoñente pragmático-discursivo* comprende tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as micro funcións comunicativas e os esquemas de interacción), e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– O *compoñente sociocultural* inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O *compoñente estratéxico* permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Atender todos estes aspectos propios da materia, aplicar coñecementos pedagóxicos, un dominio básico das TIC, ter habilidades sociais, e mesmo de emprendemento, son elementos que debe ter en conta o docente á hora de planificar as clases. Con todo, o problema máis

difícil é loitar contra os estereotipos e os prexuízos sobre a lingua galega.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR

Libros de texto

| NIVEL | TÍTULO | AUTORÍA | EDITORIAL | ISBN | ANO |
|---|---|---|---|---|---|
| ESO 1º | Lingua galega e Literatura | López Viñas, X. e outros | Baía Edicións | 978-84-9995 - 167-6 | 2015 |
| ESO 2º | Lingua galega e Literatura | López Viñas, X. e outros | Baía Edicións | 978-84-9995 - 194-2 | 2016 |
| ESO 3º | Lingua e Literatura | VV.AA. | Rodeira | 978-84-8349 - 420-2 | 2015 |
| ESO 4º | Lingua e Literatura | VV.AA. | Rodeira | 978-84-8349 - 499-8 | 2016 |
| BAC 1º | Lingua e literatura galega | VV.AA | Santillana | 978-84-9972 - 219-1 | 2015 |
| BAC 2º | Lingua e literatura galega | VV. AA. | Rodeira | 978-84-8349 - 504-9 | 2016 |

Apuntamentos

Dicionarios e enciclopedias de aula.

Libros de lectura obrigatoria (mínimo 3 por nivel)***

Libros de lectura optativa (reforzo, ampliación, lectura por pracer)

Fotocopias /fichas/ cadernos de apoio

Páxinas web (recursos lingüísticos na rede)

Publicacións periódicas en galego

Publicacións escritas (avisos, notas, anuncios,...)

Material audiovisual

Audios do libro de texto (3º,4º ESO e 2º de bacharelato)

Aplicacións informáticas para crear mapas mentais, nubes de palabras, liñas temporais, escrita colectiva…

Audio e vídeo creado polo profesorado/alumnado

Actividades interactivas Repositorio Abalar (1º e 2º ESO) Xornais da rede

**Libros de lectura para o curso académico 2021-2022**

**1º ESO**

- Manuel Rivas, *Bala perdida*, Ed. Xerais
- Miguelanxo Prado, *A mansión dos Pampín*, Norma Editorial S.A.
- Manuel Núñez Singala, *Atranco no banco*, Ed. Galaxia

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**2º ESO**

- Marina Mayoral, *Tristes armas,* Ed. Xerais
- Andrea  Maceiras, *O que sei do silencio,* Ed. Xerais
- Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego,* Ed. do Castro

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**2º ESO PMAR**

**LG**

- Marina Mayoral, *Tristes armas,* Ed. Xerais
- Andrea  Maceiras, *O que sei do silencio,* Ed. Xerais
- César Mallorquí, *As lágrimas de Shiva,* Ed. do Castro

**LC**

- Enrique Paez, *Abdel*, Ed. SM (El barco de vapor roja)
- Luis Mantilla, *Manzanas rojas*, Ed. Anaya
- Susan E. Hiton, *Rebeldes*, Ed. Santillana

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**3º ESO**

- Ledicia Costas, *O corazón de Xúpiter,* Ed. Xerais
- María Solar, *Os nenos da varíola,* Ed. Xerais
- Manuel Esteban, *A ira dos mansos,* Ed. Xerais

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**4º ESO**

- Castelao, *Os vellos non deben namorrse,* Ed. Xerais
- Miguel Vázquez Freire, *Anxos en tempo de choiva*, Ed. Xerais
- Kressmann Taylor, *Enderezo descoñecido,* Ed. Xerais

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**1º Bacharelato**

- Séchu Sende, *Made in Galiza,* Ed. Galaxia
- Rosa Aneiros, *Resistencia,* Ed. Xerais
- Pedro Feijoo, *A memoria da choiva,* Ed. Xerais

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

**2º Bacharelato**

- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Retrincos. Un ollo de vidro*. Ed. Galaxia.
- Eduardo Blanco-Amor, *A esmorga*. Ed. Galaxia.
- Begoña Caamaño, *Morgana en Esmelle*, Ed. Galaxia.

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofrecerlle ao alumnado a posibilidade

de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Con carácter xeral os membros do departamento aplicaremos os seguintes **criterios de cualificación** do alumnado:

**1º ESO**:

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 50% coa posibilidade de facer, a criterio do/da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 50%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e **exercicios** dentro ou fóra da aula suporán un 20% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar os cadernos dos alumnos coas notas e apuntamentos recollidos na aula, así como outras actividades escritas regulares ou de carácter puntual.
- A correcta **expresión oral** e o interese participativo na aula significará un 20% da cualificación. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc. O non emprego do galego na aula descontará puntuación neste apartado.
- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total.

**2º, 3º e 4º ESO:**

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 60% coa posibilidade de facer, a criterio do/da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 60%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e **exercicios** dentro ou fóra da aula suporán un 10% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar os cadernos dos alumnos coas notas e apuntamentos recollidos na aula, así como outras actividades escritas regulares ou de carácter puntual.
- A correcta **expresión oral** e o interese participativo na aula significará un 20% da cualificación. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc. O non emprego do

galego na aula descontará puntuación neste apartado.

- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total.

**BACHARELATO**:

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 70% coa posibilidade de facer, a criterio do/da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 70%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e **exercicios** dentro ou fóra da aula suporán un 10% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar os cadernos dos alumnos coas notas e apuntamentos recollidos na aula, así como outras actividades escritas regulares ou de carácter puntual.
- A correcta **expresión oral** e o interese participativo na aula significará un 10% da cualificación. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc. O non emprego do galego na aula descontará puntuación neste apartado.
- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios anteriores, sempre desde a óptica do profesor/a, coñecedor/a da traxectoria de cada alumno/a.

A aprendizaxe será progresiva, nun sistema de avaliación continua. En todo caso, os alumnos que non superen algunha das avaliacións ou todas no final do curso poderán ser convocados a unha proba global ou referida aos contidos dunha avaliación. Se a aprobaren, os alumnos terán superada a materia correspondente.

A corrección na expresión: Igual que nos demais niveis será de rigor unha correcta expresión tanto oral como escrita na nosa lingua. Polo tanto, nas probas escritas que se realicen, tanto de clase como exames, así como traballos, a puntuación verase afectada polas faltas de ortografía, expresión e redacción. Poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos.

O **baremo** que se aplicará para o **bacharelato** será o seguinte:

- Por cada erro moi grave (aquel que atente contra o sistema lingüístico): 0,2 puntos.
- Por cada erro grave (solución contraria ás convención ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos.
- Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

O **baremo** que se aplicará para **ESO** será máis flexible e é o que segue:

- Por cada erro grave (aquel que atente contra o sistema lingüístico ou solución contraria ás convención ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos.
- Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

Cómpre contemplar dous aspectos: por un lado os criterios de cualificación dun exercicio concreto, e por outro o sistema seguido ao longo do curso a través das diferentes avaliacións.

Con respecto ao primeiro, todo pode e debe ser, en principio, avaliábel por parte do profesorado, quer os exercicios escritos, quer as intervencións orais de aula. O profesor levará conta da actitude de cada alumno, non necesariamente de forma numérica, o que terá a súa incidencia nas cualificacións dos diferentes exames ou probas −orais ou escritas− que se realizaren. As cualificacións, en calquera caso, incidirán no grao de competencia do alumnado, mais tamén na actitude, no grao de madurez expresiva e comprensiva e nos valores que se integran nos contidos transversais.

- Agás as excepcións que houber, o normal será a realización de dúas probas escritas por cada período de avaliación, sen que por sistema haxa recuperación de cada unha delas. Como se comprende que a aprendizaxe ha ser progresiva, tamén a avaliación debe ser entendida como continua, de xeito que un alumno poida superar progresivamente os contidos non superados antes, e isto sen que se supoña a repetición da proba. De calquera xeito, os alumnos poderán superar diferentes partes da materia nas probas que se realizaren ao final do curso.

*Aquel discente que copie en traballos ou probas escritas, estas serán valoradas cun 0 e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas nela.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

a) Con respecto á **planificación**, poderanse ter en conta os seguintes **indicadores**:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Programa a materia tendo en conta os planos e proxectos educativos do centro.
3. Programa a materia tendo en conta o tempo de que se dispón para o desenvolvemento desta
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).

b) Con respecto ao **desenvolvemento**, os **indicadores** serían:

1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...).
2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das aulas.
4. Optimiza o tempo de que se dispón para o desenvolvemento do Proxecto.
5. Utiliza as TIC para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas
8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, ou resolver problemas).

c) Con respecto ao **seguimento e avaliación**, eis os **indicadores**:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
3. Revisa, a miúdo, os traballos propostos na aula e fóra dela.

4. Fornece a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recolla de información.
7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

d) Con respecto á **motivación do alumnado**, os **indicadores** serán:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na aula.
7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

Nunca (1)

Poucas veces (2)

A miúdo (3)

Case sempre (4)

Sempre (5)

## ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O Departamento de Lingua e Literatura ponse á disposición do alumnado coa materia pendente

a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira. O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

Daráselle ao alumnado a posibilidade de optar entre a entrega dun caderno de traballo ou ben unha proba de avaliación. O resultado figurará no Boletín de Cualificacións.
A entrega do caderno de traballo por parte do alumnado que escolla esta opción ou a realización dunha proba de avaliación realizaranse:
1.- En novembro (tanto para o alumnado de 2º de Bacharelato como de ESO).
2.- En marzo (alumnado da ESO e de 2º de Bacharelato).
3.- En abril (alumnado de 2º Bacharelato e da ESO).

Aquel alumnado que non cumpra coas entregas dos cadernos de traballo, ou a súa achega sexa insuficiente, deberá presentarse, no mes de maio, ao exame final global da materia pendente.

Coa finalidade de facilitar a continuidade no sistema educativo e o progreso no estudo, considérase que o alumnado que cumpra os **estándares de aprendizaxe avaliable imprescindibles** nestas dúas datas non teña que agardar máis e poida dedicarse a preparar as materias do curso actual. Tamén se terá en conta o **esforzo** na superación da materia pendente e o **progreso** da mesma materia no curso no que a/o alumna/o estea matriculada/o.
Por último, realizarase unha avaliación extraordinaria para os que non superasen as probas anteriores no mes de maio.

O Departamento entregaralle ao alumnado coa materia pendente, en outubro, a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.
- Actividades de pendentes, de ser requiridas polo propio alumnado.
- Xustificante da recepción que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Curso académico 2021-2022

O/A alumno/a_______________________________________________________________coa(s) materia(s) pendente(s) de ____________ (nivel/ niveis) foi informado/a pola súa profesora actual _______________________________________________________________, sobre os requisitos para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Coruña, ______de ______________________de 2021

---

XUSTIFICANTE DA RECEPCIÓN

O pai/nai/ titor/a legal do alumno/a___________________________________________________________________coñece os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Coruña, ________de ________________________de 2021

## PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO

A LOMCE establece que no bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de *Lingua Galega e Literatura*, que terá un tratamento no centro docente análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A materia de *Lingua Galega e Literatura* terase en conta para o cálculo da nota obtida nas devanditas avaliacións finais na mesma proporción que a materia de Lingua Castelá e Literatura. Terán exención da realización destas probas os alumnos e as alumnas que estean exentos ou exentas de cursar ou de ser avaliados ou avaliadas da materia Lingua galega e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

Canto á continuidade das materias de Lingua galega e Literatura I e II, o artigo 36 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, sinala que a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade, caso da Lingua Galega e Literatura I e Lingua Galega e Literatura II. Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

O procedemento para avaliar o nivel académico do alumnado poderá consistir nun exame de nivel dos diferentes bloques de contidos da materia de Lingua galega e Literatura I, agás o bloque 1: Bloque 2, (Comunicación escrita, 20% da nota). Bloque 3 (Funcionamento da lingua, 30 %). Bloque 4 (Lingua e sociedade, 20%). Bloque 5 (Educación literaria, 30%). Caso de non superar dita proba, o alumno ou a alumna deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente. Por outro lado, o decreto 86/2015, do 25 de xuño, no seu capítulo II artigo 28, establece que poderán acceder aos estudos de Bacharelato os alumnos e as alumnas que estean en posesión de título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria na opción de ensinanzas académicas. Así mesmo, de acordo co artigo 65.3 da Lei orgánica 2/2006,

de 3 de maio, o título de técnico deportivo permitirá o acceso a calquera modalidade de Bacharelato.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS

- A avaliación inicial terá nomeadamente sentido en 1º da ESO, a fin de comprobar a competencia que os alumnos teñen ao chegaren ao Centro.

- As probas serán orais e escritas, co obxectivo de constatar o grao de corrección que posúen na pronuncia (nivel fónico), na fluidez verbal e na cualidade vocabular. Á súa vez as probas escritas darán conta da destreza no plano correspondente.

- Cara á consecución dos obxectivos propostos, empregaranse diversos sistemas metodolóxicos:

- Ditados.
- Redaccións sobre un tema proposto.
- Redaccións sobre un tema libre, a escoller polos alumnos.
- Cuestionarios de preguntas breves e concisas.
- Expresión oral sobre cuestións realizadas no momento polo profesor.
- Expresión oral libre sobre propostas mínimas.
- Tentativas de posta a punto sobre temas de cultura [galega] en xeral.

- No resto dos cursos da ESO os procedementos poden ser semellantes, adaptados ás diferentes idades, e sempre cunha finalidade (entre outras) propedéutica, en relación co feito de que o alumno promocione ou non dun nivel para o outro.

## PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO. 2º PMAR

Os Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento son una medida da atención á diversidade que pode desenvolverse a partir do 2º curso da ESO, destinados a alumnado con dificultades de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo e coa finalidade de que poidan cursar 4º curso pola vía ordinaria e obter o título de Graduado en ESO.

Unha das características destes programas é o intento de superación da compartimentación disciplinar dos coñecementos científicos. O Ámbito Lingüístico-Social tende a ser un espazo

circular em torno ao cal se articulen as aprendizaxes relacionadas coa área de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias Sociais Xeografía e Historia; acádase así a transversalidade.

**Obxectivos:**

a/ Asumir os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualade de trato e oportunidades entre mulleres e homes para o exercicio da cidadanía democrática.

b/ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.

c/ Valorar a diferenza de sexos e a igualdade entre eles; rexeitar todo tipo de discriminación, sexual, persoal ou social; rexeitar os estereotipos e calquera manifestación de violencia contra a muller.

d/ Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos, persoais ou relacionais, rexeitar sexismos, violencias e resolver pacificamente os conflitos.

e/ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos, especialmente no campo das TICS.

f/ Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, estruturado en disciplinas, e coñecer e aplicar métodos para identificar problemas en diversos campos de coñecemento e experiencia.

g/ Desenvolver un espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, participación, sentido crítico, iniciativa e capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

h/ Comprender e expresar por escrito e oralmente nas linguas galega e castelá textos e mensaxes complexas e iniciarse na lectura e na literatura.

l/ Coñecer, valorar e respectar a historia propia e allea, o patrimonio artístico e cultural e as persoas que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega e mundial.

m/ Coñecer o funcionamento do propio corpo e o alleo, respectar as diferenzas, afianzar hábitos de saúde corporais e incorporar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Contribuír á conservación e mellora dos seres vivos e o medio ambiente.

n/ Apreciar a creación artística e comprender as linguaxes das diversas manifestacións artísticas.

ñ/ Coñecer os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural histórico e artístico de Galicia, participar na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural.

o/ Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para manter a nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, con especial destaque á comunidade lusófona.

## CONTIDOS. RELACIÓN COS OBXECTIVOS

### Bloque 1.Comunicación oral

B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais de diferente tipoloxía (medios de comunicación audiovisual, expositivos, argumentativos…) (Obxectivos a, b, g).

B1.2. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, cooperación e respecto ante intervencións orais (Obxectivos a, b, d).

B1.3. Participación activa en situación do ámbito académico que xeren intercambio de opinións (Obxectivos a, b, d).

B1.4. Utilización de estratexias para falar en público (Obxectivos b, e, f, g).

B1.5. Construción, coa axuda das TIC, de textos orais de diversa tipoloxía (Obxectivo e

### Bloque 2. Comunicación escrita

B2.1. Comprensión e interpretación de textos escritos de diversa tipoloxía (medios de comunicación, expositivos, argumentativos…) (Obxectivos b, h).

B2.2. Identificación do tema, a estrutura e a intención de textos escritos de diversa tipoloxía (Obxectivo h).

B2.3. Uso das bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar información (Obxectivo e).

B2.4. Produción, en calquera soporte, de textos de diversa tipoloxía (Obxectivos e, h).

B2.5. Uso das TIC como medio de comunicación social a través da escritura (Obxectivo e).

B2.6. Uso dun léxico amplo e preciso (Obxectivos h, o).

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Coñecemento e uso das regras ortográficas e morfolóxicas dos idiomas galego e castelán (Obxectivos h, o).

B3.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e das principais unidades e funcións sintácticas (Obxectivo h).

B3.3. Coñecemento dos principais conceptos de lexicoloxía e semántica (Obxectivo h).

**Bloque 4. A literatura**

B4.1. Coñecemento e lectura de fragmentos de obras da literatura galega (Obxectivos l, n).

B4.2. Coñecemento e lectura de fragmentos de obras da literatura castelá (Obxectivos l, n).

B4.3. Coñecemento e lectura de fragmentos de obras da literatura universal (Obxectivos l, n).

B4.4. Coñecemento e lectura de obras de literatura xuvenil (Obxectivos l, n).

B4.5. Recreación de textos de intención literaria (Obxectivos l, n).

B4.6. Caracterización da linguaxe cinematográfica (Obxectivos l, n).

**Bloque 5. O medio físico e o espazo humano**

B5.1. Coñecemento do medio físico de España e Galicia (Obxectivos c, l, m).

B5.2. Coñecemento dos climas e as paisaxes de España e de Galicia (Obxectivos c, l, m).

B5.3. Coñecemento dos movementos migratorios (Obxectivos l, m).

B5.4. Coñecemento da cidade e o proceso de urbanización (Obxectivos l, m).

**Bloque 6. A historia**

B6.1. Coñecemento do concepto e as etapas da Idade Media (Obxectivos e, l, n).

B6.2. Coñecemento a caída do Imperio Romano de Occidente e as invasións bárbaras (Obxectivos e, l, n).

B6.3. Coñecemento do feudalismo (Obxectivos c, l, n).

B6.4. Coñecemento do Islam e a súa presenza en España e da Reconquista (Obxectivos c, l, n).

B6.5. As artes románica, gótica e islámica (Obxectivos l, n).

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

### Bloque 1. Comunicación oral

Criterios de avaliación

B1.1. Comprender e interpretar textos orais de diferente tipoloxía.

Estándares de aprendizaxe

ASLB1.1.1. Comprende e interpreta textos orais de diferente tipoloxía (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B1.2. Desenvolver capacidades de escoita activa con actitude de cooperación e respecto.

Estándares de aprendizaxe

ASLB1.2.1. Desenvolve capacidades de escoita activa con actitude de cooperación e respecto (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B1.3. Participar en situacións académicas que xeren intercambio de opinións.

Estándares de aprendizaxe

ASLB1.3.1. Participa en situacións académicas que xeren intercambio de opinións (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B1.4. Utilizar estratexias para falar en público.

Estándares de aprendizaxe

ASLB1.4.1. Utiliza estratexias para falar en público (Competencia clave CCL, CAA).

Criterios de avaliación

B1.5. Construír, coa axuda das TIC, textos orais de diversa tipoloxía (Competencia clave CCL, CD).

Estándares de aprendizaxe

ASLB1.5.1. Constrúe, coa axuda das TIC, textos orais de diversa tipoloxía (Competencia clave CCL, CD).

**Bloque 2. Comunicación escrita**

Criterios de avaliación

B2.1. Comprender e interpretar de textos escritos de diversa tipoloxía.
Estándares de aprendizaxe

ASLB2.1. Comprende e interpreta textos de diversa tipoloxía (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B2.2. Identificar tema, estrutura e intención de textos de diversa tipoloxía.
Estándares de aprendizaxe

ASLB2.2.1. Identifica o tema e a intención de textos diversos (Competencia clave CCL).
ASLB2.2.2. Identifica a estrutura de textos diversos (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B2.3. Utilizar as bibliotecas e as TIC para seleccionar información
Estándares de aprendizaxe

ASLB.2.3. Utiliza as bibliotecas e as TIC para seleccionar información (Competencias clave CCL, CD).

Criterios de avaliación

B2.4. Producir, en calquera soporte, textos de diversa tipoloxía.

Estándares de aprendizaxe

ASLB2.4.1. Produce, en calquera soporte, textos de diversa tipoloxía (Competencias clave CCL,

CD).

Criterios de avaliación

B2.5. Usar un léxico amplo e preciso. Estándares de aprendizaxe

ASLB2.5.1. Usa un léxico amplo e preciso (Competencia clave CCL).

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

Criterios de avaliación

B3.1. Coñecer e usar as regras ortográficas e morfolóxicas do galego e do castelán.

Estándares de aprendizaxe

ASLB3.1. Coñece e usa as regras ortográficas e morfolóxicas do galego (Competencias clave CCL).

ASLB3.2. Coñece e usa as regras ortográficas e morfolóxicas do castelán (Competencia clave CCL).

Criterios de avaliación

B3.3. Recoñecer as clases de palabras e as principais unidades e funcións sintácticas.

Estándares de aprendizaxe

ASLB3.3.1. Recoñece as clases de palabras e as principais unidades e funcións sintácticas (Competencia clave CCL).

**Bloque 4. A literatura**

Criterios de avaliación

B4.1. Coñecer e ler fragmentos da literatura galega.

Estándares de aprendizaxe

ASLB4.1.1. Coñece e le fragmentos da literatura galega (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

B4.2. Coñecer e ler fragmentos da literatura castelá.

Estándares de aprendizaxe

ASLB4.2.1. Coñece e le fragmentos da literatura castelá (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

B4.3. Coñecer e ler fragmentos da literatura universal.

Estándares de aprendizaxe

ASLB4.3.1. Coñece e le fragmentos da literatura universal

Criterios de avaliación

B4.4. Coñecer e ler fragmentos de literatura xuvenil.

Estándares de aprendizaxe

ASLB4.4.1. Coñece e le fragmentos de literatura xuvenil (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

B4.5. (Re)crear textos de intención literaria.

Estándares de avaliación

ASLB4.5.1. (Re)crea textos de intención literaria (Competencias clave CCL, CCEC).

Criterios de avaliación

B4.6. Coñecer os principais elementos da linguaxe cinematográfica.

Estándares de aprendizaxe

ASLB4.6. Coñece os principais elementos da linguaxe cinematográfica (Competencias clave CCl, CCEC).

**Bloque 5. O medio físico e o espazo humano**

Criterios de avaliación

B5.1. Coñecer o medio físico de España e Galicia.

Estándares de aprendizaxe

ASLB5.1. Coñece o medio físico de España (Competencia clave CCEC).

ASLB5.2. Coñece o medio físico de Galicia (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B5.2. Coñecer os climas e as paisaxes de España e Galicia.

Estándares de aprendizaxe

ASLB5.2.1. Coñece os climas e as paisaxes de España (Competencia clave CCEC).

ASLB5.2.2. Coñece os climas e as paisaxes de Galicia (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B5.3. Coñecer os movementos migratorios.

Estándares de aprendizaxe

ASLB5.3.1. Coñece os movementos migratorios (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B5.4. Coñecer a cidade e o proceso de urbanización.

Estándares de aprendizaxe

ASLB5.4.1. Coñece a cidade e o proceso de urbanización (Competencia clave CCEC).

**Bloque 6. A historia**

Criterios de avaliación

B6.1. Coñecer o concepto e as etapas da Idade Media.

Estándares de aprendizaxe

ASL6.1.1. Coñece o concepto e as etapas da Idade Media (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B6.2. Coñecer a caída do Imperio Romano de Occidente e as invasións bárbaras.

Estándares de aprendizaxe

ASLB6.2.1. Coñece a caída do Imperio Romano de Occidente e as invasións bárbaras (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B6.3. Coñecer o feudalismo. Estándares de aprendizaxe

ASLB6.3.1. Coñece o feudalismo (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B6.4. Coñecer o Islam e a súa presenza en España e da Reconquista.
Estándares de aprendizaxe

ASLB6.4.1. Coñece o Islam e a súa presenza en España (Competencia clave CCEC).
ASLB6.4.2. Coñece a Reconquista (Competencia clave CCEC).

Criterios de avaliación

B6.5. Coñecer as artes románica, gótica e islámica.
Estándares de aprendizaxe

ASLB6.5.1. Coñece a arte románica (Competencia clave CCEC).
ASLB6.5.2. Coñece a arte gótica (Competencia clave CCEC).

ASLB6.5.3. Coñece a arte islámica (Competencia clave CCEC).

**CONTIDOS MÍNIMOS**

- Comprensión e interpretación de textos orais de diferente tipoloxía.
- Participación activa e respectuosa en situacións que supoñan unha intervención oral.
- Comprensión, interpretación e produción de textos escritos de diferente tipoloxía e en diferentes soportes.
- Uso das bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar información.
- Uso dun léxico amplo e preciso.
- Coñecemento e uso das regras ortográficas e morfolóxicas dos idiomas galego e castelán.
- Coñecemento básico da morfosintaxe, a semántica e a lexicoloxía.
- Coñecemento dos principais xéneros literarios en galego e castelán.
- Lectura de textos da literatura universal de calquera época.
- Coñecemento dos espazos xeográficos as paisaxes e os climas de España e Galicia.
- Coñecemento dos movementos migratorios.

- Coñecemento dos procesos de urbanización.
- Coñecemento da caída do imperio romano de occidente e as invasións bárbaras.
- Coñecemento do feudalismo.
- Coñecemento do Islam en España e a Reconquista.
- Coñecemento das artes románica, gótica e musulmá.

## CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS DA MATERIA

A/ Sintetizamos os estándares nuns básicos, que recollen o esencial dos seis bloques de contidos, dos que concretaremos a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia, os procedementos e instrumentos de avaliación, os niveis de adquisición de cada estándar (indicadores de logro) e os elementos transversais que se traballarán. Relaciónanse cos contidos mínimos esixibles. Reformulámolos e poñémolos en relación coas competencias clave. Son os seguintes:

1. ASLB1. Comprende, interpreta e produce textos orais nas dúas linguas con coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, respectando as regras de interacción (CCL, CAA).
2. ASLB2. Comprende, interpreta e produce textos escritos nas dúas linguas con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando esquemas e resumos e utilizando recursos das bibliotecas e as TIC (CCL, CD, CAA, CMCCT).
3. ASLB3. Utiliza un vocabulario amplo e as regras ortográficas e morfolóxicas dos idiomas galego e castelán (CCL).
4. ASLB3. Recoñece as clases de palabras e as súas funcións sintácticas (CCL).
5. ASLB4. Coñece os principais xéneros literarios e as súas características (CCL, CCEC).
6. ASLB4. Crea pequenos textos de intención literaria (CCL, CCEC).
7. ASLB5. Coñece os principais elementos da xeografía física de España e Galicia (CCEC, CSC).
8. ASLB6. Coñece os principais elementos da historia, da arte e da política da Idade Media (CCEC, CSC).

B/ Canto á temporalización, conviría que se impartisen todos eses estándares en todas as avaliacións, máxime tendo en conta que se trata dun ámbito que engloba os contidos de tres materias, interrelacionadas entre si especialmente nos estándares 1 a 3.

C/ Canto ao grao mínimo de consecución para superar a materia, atribuímos a cada estándar un tanto por cento da puntuación total; en cada estándar debería obterse como mínimo, para chegar ao grao mínimo de consecución, a metade da puntuación que lle corresponde. A proporción podería ser a seguinte:

1.ASLB1. Comprende, interpreta e produce textos orais nas dúas linguas con coherencia, cohesión e corrección fonética e prosódica, respectando as regras de interacción (CCL, CAA): 10%.

2.ASLB2. Comprende, interpreta e produce textos escritos nas dúas linguas con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, elaborando esquemas e resumos e utilizando recursos das bibliotecas e as TIC (CCL, CD, CAA, CMCCT): 20%.

3.ASLB3. Utiliza un vocabulario amplo e as regras ortográficas e morfolóxicas dos idiomas galego e castelán (CCL): 10%.

4.ASLB3. Recoñece as clases de palabras e as súas funcións sintácticas (CCL): 10%.

5.ASLB4. Coñece os principais xéneros literarios e as súas características (CCL, CCEC): 10%

6.ASLB4. Crea pequenos textos de intención literaria (CCL, CCEC): 10%.

7.ASLB5. Coñece os principais elementos da xeografía física de España e Galicia (CCEC, CSC): 20%.

8.ASLB6. Coñece os principais elementos da historia, da arte e da política da Idade Media (CCEC, CSC): 10%.

C/ Indicadores de logro

1.ASLB1.

- Comprende e interpreta textos orais nas dúas linguas.
- Produce textos orais coherentes, cohesionados e correctos fonética e prosodicamente.
- Respecta as regras de interacción.

2.ASLB2.

- Comprende e interpreta textos escritos nas dúas linguas.
- Produce textos escritos coherentes, cohesionados e correctos ortograficamente.
- Elabora esquemas e resumos.
- Utiliza as bibliotecas e as TIC para a produción de textos.

3. ASLB3.

- Utiliza un vocabulario amplo nas dúas linguas.

4.ASLB3.

- Coñece as clases de palabras e as súas funcións sintácticas

5.ASLB4.

- Recoñece as características dos fragmentos literarios estudados.

6.ASLB4

- Crea pequenos textos de intención literaria.

7.ASLB5.

- Recoñece os principais elementos xeográficos de España.
- Recoñece os principais elementos xeográficos de Galicia.

8. ASLB6.

- Coñece os principais elementos da historia e da política da Idade Media.
- Coñece os principais elementos da arte da Idade Media.Como rúbricas que avalían os estándares poderiamos utilizar os seguintes:

  1. Non alcanza o estándar: non acada ningunha ou case ningunha das competencias. Equivalería a Insuficiente.

  2. Alcanza o estándar sen acadar completamente todas as competencias. Equivalería a Suficiente.

  3. Alcanza o estándar con certa seguridade, acadando todas as competencias. Equivalería a

Ben.

4. Alcanza o estándar e acada as competencias correspondentes de maneira clara. Equivalería a Notable.

5. Alcanza o estándar e adquire con brillantez as competencias. Equivalería a Sobresaliente.

**E/ Procedementos e instrumentos de avaliación**

1.ASLB1.

- Comprensión e interpretación de textos orais nas dúas linguas.
- Produción de textos orais coherentes, cohesionados e correctos fonética e prosodicamente.
- Respecto ás regras de interacción.

2.ASLB2.

- Comprensión de textos escritos nas dúas linguas.
- Produción de textosescritos coherentes, cohesionados e correctos ortograficamente.
- Elaboración de esquemas e resumos.
- Utilización das TIC e as bibliotecas para a elaboración textual.

3.ASLB3.

- Utilización dun vocabulario amplo nas dúas linguas.

4.ASLB3.

- Coñecemento das clases de palabras e as súas funciósn sintácticas en textos e exercicios

5.ASLB4.

- Coñecemento das características da literatura, en textos.

6.ASLB4.

- Creación de textos de intención literaria.

7.ASLB5.

- Recoñecemento dos principais elementos xeográficos por medio de mapas e gráficos.
- Realización de traballos individuais e grupais.

8.ASLB6.

- Realización de traballos sobre os principais feitos históricos do período estudado.
- Realización de carteis sobre a arte do período estudado.

F/ Os elementos transversais que traballaremos fundamentalmente na nosa materia son a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, o emprendemento,

a igualdade, a prevención de calquera tipo de violencia, a non discriminación por calquera circunstancia e o fomento da igualdade de oportunidades.

A expresión oral trátase en todos os estándares excepto no 4. No noso ámbito a expresión forma parte substancial do currículo: a elaboración e exposición de textos, de xeito individual e colectivo, é a maneira de tratar este elemento transversal. Ao contarse coa axuda das TIC e os medios audiovisuais, estaría abordándose tamén estoutro elemento transversal.

Tamén o emprendemento é tratable, especialmente nos estándares 1, 2, 3, porque obriga ao alumnado a abordar a empresa de elaborar textos, facelos atractivos, correctos, e expoñelos de xeito eficaz, vencendo medos, investigando, poñendo en común cos/as compañeiros/as… Isto último desenvolve tamén o fomento das relación igualitarias, cívicas, non discriminatorias e non violentas porque obriga ao alumnado a dialogar, a chegar a acordos, respectar as diferenzas de todo tipo. Como se pode observar, estamos tratando á vez practicamente todos os elementos transversais.

A expresión escrita, eixo dos estándares 2, 3 7 e 8, tamén se combina, ao desenvolverse estes estándares, coa non discriminación, porque se fomenta o uso non sexista do idioma; a lectura de textos, literarios, históricos ou de calquera outro tipo, onde se aprecie algún tipo de discriminación ou violencia, dará lugar á reflexión para erradicar posibles prexuízos ou actitudes violentas no alumnado. Estes elementos estaremos tratándoos tamén nos estándares 5 e 6, especialmente no relativo á non discriminación por motivo de lingua, o que axuda a reflexionar sobre a riqueza que supón o plurilingüismo e os contactos con outras culturas; isto último, abórdase tamén no estándar 8.

## TEMPORALIZACIÓN

Distribuirase a materia dos seis bloques de contidos de xeito que en cada una das avaliacións se vexa a parte proporcional de cada un dos bloques. No referido aos dos primeiros (Comunicación oral e escrita), especialmente transversais ás tres materias que compoñen o ámbito, impartiranse como parte substancial dos outros catro, máis específicos das materias Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura (bloques 3 e 4) e Xeografía e Historia (bloques 5 e 6).

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregarase unha metodoloxía activa; as explicacións teóricas serán o soporte mínimo para que o alumnado realice un amplo número de actividades. Sempre que sexa posible, o/a profesor/a corrixirá individualmente as actividades realizadas polo alumnado e, se o ritmo o permite, ao acabar cada unidade, realizaranse actividades de repaso.

Os materiais, ademais do libro de texto, serán todos aqueles que se consideren axeitados, desde material escrito variado, até todo tipo de material audiovisual; as TIC terán un papel fundamental e o alumnado, coa orientación da profesora, aprenderá a buscar e seleccionar información en internet, desbotando a que considere irrelevante. Traballarase moito a oralidade, máis doada de tratar que nun grupo máis grande, por medio de debates, exposicións, dramatizacións e todo aquilo que o profesorado, ou o propio alumnado, considere interesante.

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. PMAR 2º ESO

A avaliación do alumnado baséase en dous elementos:

- O traballo diario, a participación activa nas clases e a correcta expresión oral da lingua.
- Os exames ou probas escritas.

## AVALIACIÓN INICIAL

Medidas adoptables como consecuencia dos resultados.

- Nas primeiras sesións do curso, a profesora realizará unha avaliación inicial dos aspectos máis

básicos do curso, para valorar o nivel do alumnado. Farase, preferiblemente despois de repasar cuestións referentes á Lingua, á Literatura e á Xeografía e Historia do curso pasado. Tamén se avaliará a capacidade de expresión do alumnado, así como a interacción entre os/as alumnos/as do grupo, a partir de actividades como auto- presentacións, debates sobre perspectivas ante o novo curso, etc.

- En función dos resultados obtidos, reforzaranse, individual e, de ser o caso, colectivamente, aqueles aspectos do currículo que se considere necesario reforzar.

**POSIBLES ESCENARIOS DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE POLA COVID-19**

**PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN**

Para obter unha avaliación final positiva o alumnado deberá obter un mínimo global de 5 puntos (a cualificación será numérica, de 0 a 10 puntos). As cualificacións serán trimestrais e nelas reflectirase a media de diversos parámetros.

| **PRESENCIAL** | | **TELEMÁTICO** |
|---|---|---|
| 1. Probas escritas (1 como mínimo por avaliación):<br>2. Control de lectura: A lectura dos libros acordados como obrigatorios.<br>3. A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do noso idioma en todas as intervencións orais: | 60%<br>20%<br>20% | 1. Probas escritas (1 como mínimo por avaliación): **50%**<br>2. Control de lectura: **20%**. A lectura dos libros acordados como obrigatorios.<br>3. A participación activa nas clases, o traballo diario, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do noso idioma: **30%** |

**ENSINO PRESENCIAL**

**Avaliacións parciais e final**

Para obter unha avaliación positiva, serán requisitos imprescindibles os seguintes:

- A superación das probas escritas **(6 puntos)** (mínimo, unha por avaliación e materia ) e, no seu caso, orais, realizadas ao longo do curso. Nas probas escritas valorarase, ademais dos

coñecementos demostrados, a corrección expresiva (ortografía, presentación, puntuación...) A cualificación obtida nestas probas completarase con:

- A lectura dos libros seleccionados pola profesora. **(2 puntos)**
- A realización de todas as tarefas encomendadas pola profesora ao longo do curso; inclúese neste apartado, ademais, o caderno de actividades. A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do idioma en todas as intervencións orais. Este punto poderá avaliarse ao longo do curso con prácticas como a lectura en voz alta de cada alumno/a, exposicións orais planificadas ou non, intervencións na aula do alumnado..**(2 puntos)**

A cualificación final resultará da media obtida nas tres materias que compoñen o ámbito e supoñerá ter superado cada unha delas.

## ENSINO TELÉMÁTICO OU SEMIPRESENCIAL

### Avaliacións parciais e final

Para obter unha avaliación positiva, serán requisitos imprescindibles os seguintes:

- A superación das probas escritas **(5 puntos)** (mínimo, unha por avaliación e materia) e, no seu caso, orais, realizadas ao longo do curso. Nas probas escritas valorarase, ademais dos coñecementos demostrados, a corrección expresiva (ortografía, presentación, puntuación...) A cualificación obtida nestas probas completarase con:
- A lectura dos libros seleccionados pola profesora. **(2 puntos)**
- A realización de todas as tarefas encomendadas pola profesora ao longo do curso; inclúese neste apartado, ademais, o caderno de actividades

  A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do idioma en todas as intervencións orais. Este punto poderá avaliarse ao longo do curso con prácticas como a lectura en voz alta de cada alumno/a, exposicións orais planificadas ou non, intervencións na aula do alumnado.**(3 puntos)**

A cualificación final resultará da media obtida nas tres materias que compoñen o ámbito e supoñerá ter superado cada unha delas.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de **atención á diversidade** na ESO estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Os docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

No **bacharelato**, os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para impartir do currículo

integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

É un obxectivo incontestábel, e así ficara subliñado xa desde a LOXSE, a educación de todos os alumnos e alumnas, e non só daqueles máis destacados. A tal fin, o profesorado levará en conta as características persoais de cada alumno, coas necesarias adaptacións programáticas e procedementais se estas foren precisas.

Convirá non esquecer, a este respecto, os dous valores asignados á ESO, o terminal e o propedéutico, e as diferentes orientacións de tipo profesional ou formativo.

Tamén se terá en conta a responsabilidade do profesorado na preparación dos alumnos para o seu desenvolvemento integral como individuos e no contexto da sociedade.

Como nos cursos anteriores, aplicaranse os **Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR)** a fin de conseguir os obxectivos propostos. O noso departamento asumirá a docencia no primeiro nivel, que lle corresponde ao grupo de 2º ESO.

## ADAPTACIÓN CURRICULAR

- (BÁSICA): os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- (AMPLIACIÓN): fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.

PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais: alumnado invidente e altas capacidades intelectuais).

A nivel do departamento de Lingua Galega e Literatura establécense unha serie de medidas estándar para o tratamento da diversidade que servirá tamén de avaliación e seguimento destas:

| **Seguimento das medidas de tratamento da diversidade** | | | |
|---|---|---|---|
| Niveis | Casos | Medidas | Resultados |
| Comprensión | Non ten dificultade ningunha para entender os contidos | Seleccionar contidos cun maior grao de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero en ocasións, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos acorde á súa realidade. | |
| Comunicación | Exprésase de forma oral. | Propoñer que sigan tarefas. | |
| | Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer algunhas tarefas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar a expresión oral e escrita co fin de melloralas. | |
| | Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

## CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e
deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC E AO PLAN LECTOR

Agrupamos neste apartado o tratamento das TIC e o proxecto de fomento da lectura por tratarse de aspectos do currículo presentes sempre, tanto nos obxectivos como nos contidos de todos os cursos

da programación e que, polo tanto, apareceron xa mencionados ao longo de toda esta proposta didáctica. Facemos agora un breve resumo do seu contido, pero remitimos á programación no seu conxunto para ver como se integran no desenvolvemento do currículo.

PLAN TIC

As TIC, que evolucionaron enormemente nos últimos anos, serven, na nosa materia, como apoio á aprendizaxe, fundamentalmente grazas aos recursos didácticos que ofrece internet, tanto en certos enderezos educativos como en calquera outro que poida ofrecer información útil.

A utilización das TIC será adaptada á idade do alumnado e flexible, en función das necesidades e nivel de cada grupo. Este traballo levarase a cabo, na medida do posible, no centro educativo, pero tamén utilizará preferentemente as TIC na súa propia casa, o que fomentará o traballo autónomo o e a maduración persoal. A profesora procurará guiar ao alumnado, ao mandarlle utilizar as TIC, sobre os enderezos que lle poidan resultar de utilidade.

Este curso será de grande importancia o manexo da Aula Virtual así como a utilización telemática de vídeo-conferencias.

Por outro lado neste curso no que é posible que teñamos que compaxinar ensino presencial, semipresencial e telemático se as circunstancias sanitarias así o marcasen, sería conveniente utilizar o libro de texto dixital. Para iso esta Xefatura de Departamento contactará coas editoriais involucradas para solicitar a accesibilidade do profesorado aos ditos libros.

PROXECTO LECTOR

1. Análise da situación da lectura e escritura na nosa área

1.1. Por medio dunha proba inicial comprobarase o nivel competencial na lectura de textos literarios: nos cursos superiores (a partir de 3º ESO) fundamentalmente literatura “para adultos” e clásicos, das nosas letras e da literatura universal; nos cursos inferiores, literatura infantil -xuvenil.

Tamén se analizarán as competencias na lectura doutros tipos de textos, desde cómic ata textos xornalísticos e enciclopédicos en diferentes soportes.

1.2. Unha vez comprobado o nivel lector, comprobaremos a competencia oral e escrita do noso

alumnado para resumir, interpretar e comentar o lido. Neste apartado cabe analizar o nivel competencial do alumnado individualmente e en grupo. É moi importante a utilización das TIC para resolver dúbidas e axudar ao alumnado a achegarse á lectura reflexiva e produtiva con información que complete e enriqueza o lido. Ademais, a utilización das TIC como fonte de información sobre os textos é, en si, exercicio de lectura en soporte dixital.

2. Obxectivos

2.1. Desenvolvemento do pracer da lectura, como alimento para o espírito e porta ao coñecemento.

2.2. Achegamento, progresivamente máis autónomo, a lecturas, ademais das obrigatorias seleccionadas polo departamento.

2.3. Creación de ambientes propicios para que a lectura se realice, no seu caso, en silencio. Tamén se propiciará a lectura de textos en voz alta, por parte da profesora ou do alumnado para que o resto do grupo escoite e tome notas para una posterior posta en común ou calquera outro tipo de exercicio. Este obxectivo pode ser axeitado para dar lugar a actividades de escritura creativa.

2.4. Visitas á biblioteca para familiarizarse cos seus fondos bibliográficos, ler en silencio, en calquera soporte, incluído as TIC, e familiarizarse tamén co préstamo de libros. Esta última actividade pode implicar as familias no proceso lector, xa que poderán observar as lecturas que o alumnado leva á casa e mesmo participar delas.

2.5. Posta en común, por medio de exposicións orais ou debates, das experiencias lectoras do alumnado.

2.6. Establecemento, en función da dispoñibilidade horaria que nos permita a impartición do currículo, dunha hora de lectura, coa periodicidade que o profesorado estime conveniente, en función da dinámica de traballo de cada grupo.

2.7. Elaboración, polo alumnado, de recensións, seguindo modelos proporcionados polo profesorado, que poderán, ademais, publicarse no blog da biblioteca como medio de incitación á lectura a todos os membros da comunidade escolar.

3.Criterios e procedementos de avaliación

3.1. Para avaliar as obras de lectura obrigatoria seleccionadas polo departamento, utilizaranse as probas que cada profesora estime conveniente, sexan orais ou escritas, en grupo ou individualmente. Os resultados desas probas cualificaranse segundo os criterios establecidos no apartado correspondente da Programación.

Neste apartado incluímos tamén todos os textos, de diversa tipoloxía, traballados na aula durante o

desenvolvemento das clases, e cuxa avaliación se incluirá nas probas ordinarias de avaliación.

3.2.Canto ás lecturas opcionais, que complementarán positivamente as cualificacións, valorarase, entre outros aspectos, o interese amosado polo alumnado, a actitude durante as sesións de lectura, a puntualidade en devolver os libros en préstamo, a redacción das recensións e os traballos opcionais que puidesen derivarse destas lecturas.

Canto ao Plan Anual de Lectura, desde o noso departamento, sexa en actividades propias, sexa en colaboración con outros departamentos (fundamentalmente os de linguas e Plástica) estimularase a participación do alumnado en actividades como: elaboración de carteis; presentacións audiovisuais; conferíndolle especial importancia á obra do autor homenaxeado no día das Letras Galegas (o poeta Florencio Delgado Gurriarán) e todas aquelas que puidesen xurdir, tendo sempre en conta as suxestións do noso alumnado.

Deseguido enumeramos algunha das actividades de mellora da comprensión lectora ás que recorremos ao longo do curso:

- lectura na aula de textos de diferente tipoloxía (gramática textual)
- esquematización de temas e ideas principais na diferente tipoloxía textual analizada
- redaccións e recensións
- aclaracións terminolóxicas e de vocabulario en xeral
- realización de comentarios de texto (literarios e lingüísticos)
- exercicios para comprobar o nivel de comprensión adquirido polo alumnado sobre a materia impartida
- traballos de investigación (procura de información e criterios de selección) asumidos polo alumnado ou procura de información complementaria ao libro de texto
- proposta de traballos de educación documental o de concursos literarios
- emprego da biblioteca (se os protocolos Covid-19 o permiten) no horario lectivo como espazo de traballo

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

Neste inicio de curso o Departamento aínda non ten concretadas todas as actividades complementarias e extraescolares que se han desenvolver. A concreción virá dada pola oferta

cultural dispoñible. Unha boa parte das actividades desenvolverase no propio centro.

Outras dependerán da oferta cultural na nosa cidade. As propostas de saídas estarán limitadas por motivos económicos, porque o alumnado debe pagar polo transporte e, en ocasións, entrada e pola situación sanitaria actual. Deste xeito, temos previsto **algunhas saídas, roteiros culturais, asistencia ao teatro** e outros espectáculos fóra do Centro e mesmo fóra da cidade, en pequenos grupos organizados.

Coa finalidade de optimizar os recursos dispoñibles o departamento colaborará coa Biblioteca, co EDNL e con outros departamentos didácticos nas actividades desenvolvidas no propio centro como as indicadas a continuación:

- Día de Rosalía
- Encontros con escritores
- Día da Ciencia
- Samaín
- Día do Libro Semana Cultural
- Día das Letras Galegas
- Participación do alumnado en concursos e festivais literarios.

## EXENCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA

Achéganse os puntos principais tirados da *ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega:*

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifican o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracterizan pola concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia.

a) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.

a) Que a incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria, na educación secundaria obrigatoria ou no bacharelato.

A exención do estudo da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas dos estudos non universitarios, polo seu carácter restritivo, non se pode estender a aqueles supostos en que o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore posteriormente ao sistema educativo galego, xa que neste caso a volta ao sistema educativo en Galicia non pode interpretarse como unha incorporación *ex novo*, senón como unha reincorporación para a cal non está prevista a exención.

De acordo co anterior, cómpre desenvolver neste momento mediante unha orde os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario e regular o procedemento e os prazos para a solicitude da exención.

Na súa virtude, ao abeiro da regulación contida nos artigos 18 e 19 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, e na disposición derradeira primeira daquel decreto que autoriza a consellería con competencias en materia de educación para ditar as disposicións que procedan para o desenvolvemento e execución daquel,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario.

1. Regular o procedemento e os prazos para a solicitude da exención.

Artigo 2. Principios xerais

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios e o alumnado que realice todos os estudos en Galicia sen interrupción deberá cursar e superar a referida materia sen que teña dereito a que se lle conceda a exención.

1. Tampouco terá dereito á exención o alumnado que tivese realizados estudos en Galicia e curse fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Artigo 4. Deberes do alumnado exento

1. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

1. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

1. O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.

1. A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.

1. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 5. Presentación da solicitude da exención

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: https://sede.xunta.es. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención.

No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.

1. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.

1. No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.

2. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.

1. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

Artigo 6. Prazos de presentación da solicitude da exención

1. O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o día 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria, e o 20 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de bacharelato.

1. Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.
2. Para o alumnado que se matricule en ensinanzas de persoas adultas (ensinanzas básicas iniciais, educación secundaria ou bacharelato), o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes ao da presentación da súa solicitude de matrícula nesas ensinanzas, dentro dos prazos oficiais sinalados para estas.

1. O alumnado que realice as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de dezaoito anos, ou a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos, presentará a súa solicitude de exención simultaneamente á presentación da súa solicitude de inscrición nas probas libres, nos prazos que estableza a normativa que as regula.

Artigo 7. Resolución da solicitude de exención

1. Os centros docentes públicos dependentes da consellería con competencia en materia de educación resolverán sobre a concesión ou a denegación da exención, no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación completa.

1. No caso dos centros docentes privados e privados concertados que imparten bacharelato, a resolución correspóndelle á persoa titular da Dirección do centro público a que estea adscrito.

Artigo 8. Recursos

1. A resolución da exención poderá ser impugnada mediante o recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería con competencias en materia de educación, e poralle fin á vía administrativa.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A presente programación concíbese como algo vivo, non fixo nin ríxido, e terá de ser avaliada dun xeito progresivo e continuado ao longo do curso.

Este seguimento reflexivo terá o seu confronto e contraste nas reunións periódicas de Departamento, onde cada profesor informará das estratexias e todo tipo de ideas que se van xestando.

Un dos aspectos de autoavaliación será o propio cronograma, isto é, a distribución da materia e das actividades didácticas, exames, avaliacións, etc., nunhas datas determinadas. Aínda que desde o inicio se programa con realismo, só a aplicación práctica dos procedementos dará a medida da aptitude do programado.

Calquera aspecto do curso (libros de lectura, viabilidade de libros de texto, capacidade receptiva do alumnado, etc.) poderá ser revisado ao longo do ano lectivo.

## COVID-19: REFORZO E PROGRAMACIÓN SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

**Criterios de avaliación e cualificación** do alumnado:

Realizarase tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas durante os períodos presenciais e as actividades de reforzo e recuperación.

**Procedementos de avaliación:**

Tarefas do alumnado escritas (resolución de exercicios, creación de textos escritos) na semipre- sencial; creación de material de audio ou audiovisual), conexión ás vídeo-clases, foros, chats e probas de recuperación en liña non presencial.

**Instrumentos de avaliación:**

Informes de seguimento de tarefas e prazos de entrega, control de conexión ás clases en liña, rúbricas, cuestionarios... en ambos escenarios.

**Materiais e recursos:**

*Webex*, *Google Drive*, *Kahoots*, Aula virtual, Google Clasroon, web do centro ademais de libros fichas e libros de lectura… en ambos escenarios.

**Metodoloxía e actividades:**

Exercicios, traballos e xogos en liña. En xeral actividades que teñen que ver coa lingua en todo o seu abano de posibilidades, tanto guiadas polo profesorado como de creación propia en ambos escenarios.

Alumnado con conectividade:

Indicacións a través de correo electrónico ou *Webex* máis aula virtual das tarefas que deben realizar. Entrega a través deses medios coa correspondente recollida e corrección por parte do profesorado. O alumnado ten a súa propia carpeta de tarefas na aula virtual onde debe entregar tamén as tarefas corrixidas.

A maior parte das actividades de repaso e reforzo son exercicios sobre aspectos gramaticais sacados ou non de textos cos que se traballa ademais a súa interpretación e tratamento, así como textos de creación propia.

Alumnado sen conectividade:

Agardará a que o centro lle proporcione un ordenador e unha conexión a internet. Neses casos actuarase con flexibilidade no tocante a prazos de entrega de tarefas.

Co alumnado que non se conecta sen razón xustificadas non hai posibilidade de levar a cabo ningunha metodoloxía. Pódese contemplar a posibilidade dun exame presencial ( se as condicións o permiten) para este tipo de alumnado.

**1º ESO**

**Programación semipresencial**

**Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares im-**

**prescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

**RECUPERACIÓN**

As probas de recuperación serán, preferentemente, presenciais.

**Os estándares imprescindibles para superar a materia son os que figuran arriba.**

**Convocatoria extraordinaria (xuño):**

Se a situación o permite efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible, realizarase unha proba telemática.

Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

**Programación non presencial**

Para a cualificación desas tarefas en liña teranse en conta as seguintes competencias:

- competencia lingüística (70%)
- competencia aprender a aprender (10%)
- competencia dixital (10%)
- competencia social e cidadá (10%)

A nota recollerá, por tanto:

- Observación sobre o seu **esforzo, organización e autonomía** no seu traballo diario.
- Observación da **responsabilidade** na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía cos compañeiros/as e profesora, adaptado todo isto ao contexto no que estamos.
- Observación da súa **capacidade de manexar as TIC**, buscar e transformar a información e manexar as fontes de información.

Todos estes aspectos serán plasmados nunha rúbrica. A maiores, propoñeráselle ao alumnado a lectura dun libro voluntario, que poderá sumar 0,5 puntos.

**RECUPERACIÓN**

Para dar o curso por recuperado (cun 5 como máximo sempre no caso dos que veñan cunha media das dúas avaliacións menor de 4) terán que:

- Realizar todas as tarefas propostas con calidade (farase fincapé na corrección) e en prazo (coa flexibilidade que se lle outorga a todo o grupo).
- Ler un libro (axúdaselles a escoller entre os que teñan na súa casa ou ben entre os dispoñibles en formato dixital). Nalgún caso no que o traballo do alumno/a foi case inexistente ao longo do ano, terán que ser dous os libros lidos.

**2º ESO**

**Programación semipresencial**

**Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares imprescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

**RECUPERACIÓN**

As probas de recuperación serán, preferentemente, presenciais.

Os estándares para superar a materia son os que figuran arriba.

**Convocatoria extraordinaria (xuño):**

Se a situación o permite efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible realizarase unha proba telemática.

Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

**Programación non presencial**

Para a cualificación desas tarefas en liña teranse en conta as seguintes competencias:

- competencia lingüística (70%)
- competencia aprender a aprender (10%)
- competencia dixital (10%)
- competencia social e cidadá (10%)

A nota recollerá, por tanto:

- Observación sobre o seu **esforzo, organización e autonomía** no seu traballo diario.
- Observación da **responsabilidade** na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía cos compañeiros/as e profesora, adaptado - todo isto ao contexto no que estamos.
- Observación da súa **capacidade de manexar as TIC**, buscar e transformar a información e manexar as fontes de información.

Todos estes aspectos serán plasmado nunha rúbrica. A maiores, propoñeráselle ao alumnado a lectura dun libro voluntario, que poderá sumar 0,5 puntos.

**RECUPERACIÓN**

Para dar o curso por recuperado (cun 5 como máximo sempre no caso dos que veñan cunha media das dúas avaliacións menor de 4) terán que:

- Realizar todas as tarefas propostas con calidade (farase fincapé na corrección) e en prazo (coa flexibilidade que se lle outorga a todo o grupo).
- Ler un libro (axúdaselles a escoller entre os que teñan na súa casa ou ben entre os dispoñibles en formato dixital). Nalgún caso no que o traballo do alumno/a foi case inexistente ao longo do ano, terán que ser dous os libros lidos.

**3º ESO**

**Programación semipresencial Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación

presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares imprescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

**RECUPERACIÓN**

Realizarase **ata dúas probas telemáticas de recuperación** para o alumnado que non teña aprobada algunha das avaliacións.

Unha das probas corresponderase coa parte práctica da materia e a outra coa parte teórica, segundo a parte e avaliación que cada alumno teña que recuperar.

Nesta proba avaliaranse competencias e a puntuación máxima a acadar será dun **5.** As probas de recuperación serán, preferentemente, presenciais. Os estándares para superar a materia son os que figuran arriba.

**Convocatoria extraordinaria (xuño):**

Se a situación o permite efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible realizarase unha proba telemática.

Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia. Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

**Programación non presencial**

Para a cualificación desas tarefas *on line* teranse en conta as seguintes competencias:

- competencia lingüística (70%)
- competencia aprender a aprender (10%)
- competencia dixital (10%)
- competencia social e cidadá (10%)

A nota recollerá, por tanto:

- Observación sobre o seu **esforzo, organización e autonomía** no seu traballo diario.
- Observación da **responsabilidade** na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía cos compañeiros/as e profesora, adaptado todo isto ao contexto no que estamos.
- Observación da súa **capacidade de manexar as TIC**, buscar e transformar a información e manexar as fontes de información.

Todos estes aspectos serán plasmado nunha rúbrica. A maiores, propoñeráselle ao alumnado a lectura dun libro voluntario, que poderá sumar 0,5 puntos.

**RECUPERACIÓN**

Para dar o curso por recuperado (cun 5 como máximo sempre no caso dos que veñan cunha media das dúas avaliacións menor de 4) terán que:

- Realizar todas as tarefas propostas con calidade (farase fincapé na corrección) e en

prazo (coa flexibilidade que se lle outorga a todo o grupo).

- Ler un libro (axúdaselles a escoller entre os que teñan na súa casa ou ben entre os dispoñibles en formato dixital). Nalgún caso no que o traballo do alumno/a foi case inexistente ao longo do ano, terán que ser dous os libros lidos.

**4º ESO**

**Programación semipresencial**

**Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares imprescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

**RECUPERACIÓN**

Realizarase **ata dúas probas telemáticas de recuperación** para o alumnado que non teña aprobada algunha das avaliacións.

Unha das probas corresponderase coa parte práctica da materia e a outra coa parte teórica, segundo a parte e avaliación que cada alumno teña que recuperar.

Nesta proba avaliaranse competencias e a puntuación máxima a acadar será dun **5. Os estándares imprescindibles para superar a materia son os que figuran arriba.**

**Convocatoria extraordinaria (xuño):**

Se a situación o permite efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible realizarase unha proba telemática.

Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia. Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

**Programación non presencial**

**Estándares imprescindibles:**

| COMPETENCIAS | ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES | PORCENTAXE | INSTRUMENTOS |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lingüística | BLOQUE 1<br>- Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.<br>- Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.<br>BLOQUE 2<br>- Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).<br>- Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de textos escritos.<br>- Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas conectores e outros elementos de cohesión.<br>- | 70% | TAREFAS EN LIÑA A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL E DA PLATAFORMA DE VIDEOCONFERÊNCIAS |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE 3<br>- Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso<br>- Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e aplícaas correctamente.<br>- Recoñece, explica e usa os procedementos de creación de palabras.<br>- Identifica enunciados e analiza a súa estrutura interna<br>BLOQUE 4<br>- Describe a situación | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.<br>BLOQUE 5<br>- Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. (EXCEPTUANDO A POESÍA DE POSGUERRA)<br>- Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | | |
| Aprender a aprender | - Recoñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia e comprende a necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística.<br>- Recoñece o valor e a importancia da literatura de 1916 ata a actualidade (coa excepción da poesía de posguerra) | 20% | TAREFAS EN LIÑA A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL E DA PLATAFORMA DE VIDEOCONFERENCIAS |
| Dixital | Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación | 10% | Uso e manexo das ferramentas de comunicación dixital |

**Recuperación**

Realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que teña 1 exame ou exames sen superar a proba de recuperación será a través de ferramentas dixitais.

Aparte do **bloque 3** recuperarase na avaliación seguinte no exame de avaliación correspondente e a parte do **bloque 4** e do **bloque 5** recuperarase en xuño nas datas acordadas.

Á recuperación parcial de maio-xuño (**bloque 4, bloque 5**) poderá presentarse todo o alumnado que teña, cando menos un exame aprobado. **Haberá recuperación final.** Para dar unha avaliación por aprobada deberase obter unha cualificación mínima de 5 puntos. **As tarefas avaliables non entregadas no prazo e na forma requiridos deberán ser recuperadas cun exame**.

O alumnado que non supere a materia deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño.

Na **convocatoria extraordinaria (xuño)**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito con contidos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

<table>
<tr><th>Estándares avaliables</th><th>Porcentaxe da cualificación</th><th>Porcentaxe mínima requirida*</th></tr>
<tr><td>Comprensión, análise e produción textual</td><td>50%</td><td>20%</td></tr>
<tr><td>Funcionamento da lingua</td><td>15%</td><td rowspan="3">30% en conxunto</td></tr>
<tr><td>Lingua e sociedade</td><td>10%</td></tr>
<tr><td>Educación literaria</td><td>25%</td></tr>
</table>

*Se non se acadan as porcentaxes mínimas indicadas nalgún dos apartados o exame

consideraríase suspenso e, por conseguinte a materia non superada.

pos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual, nas sesións virtuais e nos **Procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames *on line.*

Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

**1º BAC**

**Programación semipresencial**

**Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares imprescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

| Programación non presencial: Criterios de cualificación. COMPETEN CI A | ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES | PORCENTAX E | INSTRUMENTOS |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lingüística | BLOQUE 2<br>- Aplica estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o textonasúaintegridade.<br>- Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.<br>- Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.<br>- Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua<br>- Comprende, produce e sintetiza de textos.<br>BLOQUE 3<br>- Produce textos escritos de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.<br>- Recoñece e identifica os trazos característicos das categorías gramaticais.<br>- Explica os usos e valores das categorías gramaticais Recoñece, explica e usa os procedementos de creación de palabras.<br>BLOQUE 4<br>-Describe e comprende a situación | 75% | Tarefas online a través da aula virtual |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxíaapropiada.<br>-Describe a historia da lingua do latín ao galego e dis- tingue os elementos constitutivos deste.<br>-Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.<br>-Distingue as familias léxicas irregulares e utilízaas correctamente.<br>-Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego desde a Idade Media ata o S.XI<br>BLOQUE 5<br>-Identifica, analiza e describe a literatura desde o período medieval ata o S:XIX: contextualiza socio histórica e sociolingüisticamente estes períodos e define as características principais. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | -Analiza textos significativos da literatura galega desde a Idade Media ata o Rexurdimento, identifica as súas características temáticas e formais en relación co contexto socio histórico e sociolingüístico e recoñece xéneros cultivados e autores máis representativos. | | |

| COMPETENCIA | ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES | PORCENTAXE | INSTRUMENTOS |
|---|---|---|---|
| Aprendera aprender, social e cidadá, conciencia de expresións culturais | Recoñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia e comprende a necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística.<br>Recoñece o valor e a importancia da literatura desde a Idade Media ata a o S.XIX | 15% | Tarefas online a través da aula virtual. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Dixital | Utiliza as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.<br>Manexa ferramentas dixitais para a construción decoñecemento.<br>Actualiza o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo. | 10% | Uso e manexo das ferramentas de comunicación dixital |

Unha vez que a avaliación das competencias é positiva o alumnado poderá subir asúa nota media a través dos seguintes mecanismos:

- Tarefas de comprensión sobre libros de lectura voluntarios elixidos entre unha selección dada polo profesor: ata 0.5 puntos
- Traballo de creación audiovisual e guión do mesmo que ten como eixo a poesía e o teatro do séc. XX e a poesía do Rexurdimento: ata 1 punto

As **faltas de ortografía** serán descontadas da cualificación de cada exercicio ata un máximo de 2 puntos. Ademais, tamén se poderá descontar ata 1 punto polas deficiencias na **presentación** dos exercicios.

**RECUPERACIÓNS**

Realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que teña un exame ou exames sen superar. a proba de recuperación será a través de ferramentas dixitais.

Á recuperación parcial de maio (**bloque 4, bloque 5**) poderá presentarse todo o alumnado que teña, cando menos un exame aprobado. **Haberá recuperación final.** Para dar unha avaliación por aprobadadeberase obter unha cualificación mínima de 5 puntos. **As tarefas avaliables non entregadas no prazo e forma requiridos deberán ser recuperadas en exame**.

Quen non acade as competencias establecidas, unha vez levadas a cabo as medidas de

recuperación establecidas, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño.

Na **convocatoria extraordinaria (xuño)**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares imprescindibles de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

<table>
<tr><th>Estándares avaliables</th><th>Porcentaxe da cualificación</th><th>Porcentaxe mínima requirida*</th></tr>
<tr><td>Comprensión, análise e produción textual</td><td>50%</td><td>20%</td></tr>
<tr><td>Funcionamento da lingua</td><td>15%</td><td rowspan="3">30% en conxunto</td></tr>
<tr><td>Lingua e sociedade</td><td>10%</td></tr>
<tr><td>Educación literaria</td><td>25%</td></tr>
</table>

*Se non se acadan as porcentaxes mínimas indicadas nalgún dos apartados o exame consideraríase suspenso e, por conseguinte, a materia non superada.

Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual, nas sesións e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña. Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

**2º BAC**

**Programación semipresencial**

**Criterios de cualificación**:

Elimínase o traballo en grupo e a exposición oral será a través de traballos audiovisuais.

A nota da avaliación farase tendo en conta os mesmos estándares e competencia ca na avaliación presencial.

O resto da programación permanece igual, así como no que respecta a **estándares imprescindibles, recuperación e avaliación extraordinaria.** Nos **instrumentos de avaliación** centrarémonos máis na aula virtual e nas sesións virtuais e nos **procedementos** teremos que contemplar a posibilidade de realizar exames en liña.

**Programación non presencial**

**Estándares imprescindibles**

| COMPETE NCIA | ESTÁNDARES | PORCE NTAXE | INSTRUMENTOS |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lingüística | BLOQUE 2<br>- Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa en textos expositivos e argumentativos.<br>- Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos.<br>- Produce textos propios usando o rexistro adecuado,en secuencias lineais e ben cohesionadas.<br>- Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.<br>- Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos de textos expositivos e argumentativos<br>- Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión. | 70% | Tarefas on line través de Webex, email, Aula Virtual e Drive |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | BLOQUE 3<br>- Recoñece e explica os tipos de morfemas así comoa análise morfolóxica.<br>- Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.<br>- Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | | |
| Aprender a aprender, social e cidadá, conciencia de expresións culturais | - Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno(no s.XX), así comoa súa situación sociolingüística. | 20% | Tarefas online través de Webex, email, Aula Virtual e Drive |
| Dixital | - Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación. | 10% | Uso e manexo das ferramentas de comunicación dixital |

**EXAMES**

Efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible realizarase unha proba telemática.

**RECUPERACIÓNS**

Realizaranse **ata dúas probas telemáticas de recuperación** para o alumnado que non teña aprobada algunha das avaliacións.

Unha das probas corresponderase coa parte práctica da materia e a outra coa parte teórica, segundo a parte e avaliación que cada alumno teña que recuperar. Nesta proba avaliaranse

competencias e a puntuación máxima que poderá acadar será dun **5. Os estándares imprescindibles para superar a materia son os que figuran arriba.**

**Convocatoria extraordinaria (xuño):**

Se a situación o permite efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de *Comprensión, análise e produción textual, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade* e mais *Literatura* impartidos. De non ser posible realizarase unha proba telemática.

Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.
O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

| **Estándares avaliables** | **Porcentaxe da cualificación** |
|---|---|
| Comprensión, análise e produción textual | 50% |
| Funcionamento da lingua | 20% |
| Lingua e sociedade | 10% |
| Educación literaria | 20% |

Para outro tipo de observacións remitímonos á Programación xeral da materia.

## LEXISLACIÓN BÁSICA

- Decreto 133/2007 do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 13 de xullo de 2007).
- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na E.S.O (DOG, 21 de agosto de 2007).

  Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia (DOG, 23 de xuño de 2008).

- ei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15 de xullo de 2011).
- Real decreto 1105/2014 de 26 de diciembre por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y el Bachillerato (BOE, 3 de enero de 2015).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29 de xuño de 2015).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG, 21 de xullo de 2015).
- Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-16 para a implantación do currículo da educación secundaria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29 de xullo de 2015).
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 1 de agosto de 2016).

## PROFESORADO DO DEPARTAMENTO E NIVEIS QUE IMPARTE

| DOCENTES | CURSO | GRUPO | MATERIA | CARGO |
|---|---|---|---|---|
| Libia Pérez Vázquez | 2º ESO<br>3º ESO<br>1º BAC | B, C<br>A, B, C<br>A | LG<br>LG<br>LG | xefa Dpto. |
| Sonia Varela Pombo | 1º ESO<br>2º BAC | A, B, C<br>A, B | LG<br>LG | titora 2º BAC-B |
| Vanessa Lesta Rodríguez | 2º PMAR<br>2º ESO<br>4º ESO | <br>A<br>A, B | Ámbito lgtico.<br>LG<br>LG | coordinadora EDLG |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| Libia Pérez Vázquez | Sonia Varela Pombo | Vanessa Lesta Rodríguez |

A Coruña, 24 de setembro de 2021